Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MÉRCORES, 31 DE AGOSTO DE 2022 | MIÉRCOLES, 31 DE AGOSTO DE 2022 | BOP NÚMERO 165

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Secretaría

Edicto de aprobación definitiva modificación da ordenanza reguladora do procedemento de intervención administrativa na execución de obras e no exercicio de actividades e servizos no termo municipal de Narón

ANUNCIO

SECRETARÍA XERAL

EDICTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NA EXECUCIÓN DE OBRAS E NO EXERCICIO DE ACTIVIDADES E SERVIZOS NO TERMO MUNICIPAL DE NARÓN.

Rematado o período de exposición pública do acordo do Concello Pleno de Narón de data 30 de xuño de 2022, relativo á aprobación inicial da MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NA EXECUCIÓN DE OBRAS E NO EXERCICIO DE ACTIVIDADES E SERVIZOS NO TERMO MUNICIPAL DE NARÓN, sen que se teñan producidas alegacións ou suxerencias, enténdese aquel acordo elevado a definitivo e se procede a súa íntegra publicación neste Boletín Oficial da Provincia.

Narón, 24 de agosto de 2022.

O Alcalde acctal

Guillermo Sánchez Fojo

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NA EXECUCIÓN DE OBRAS E NO EXERCICIO DE ACTIVIDADES E SERVIZOS NO TERMO MUNICIPAL DE NARÓN

ÍNDICE

CAPÍTULO 1. DISPOSICIÓNS XERAIS
Artigo 1. Obxecto da ordenanza.
Artigo 2. Ámbito de aplicación.
Artigo 3. Réximes de intervención.
Artigo 4. Actos de natureza urbanística suxeitos a licenza previa municipal.
Artigo 5. Actos de natureza urbanística suxeitos a comunicación previa.
Artigo 6. Actividades suxeitas a comunicación previa.
Artigo 7. Actividades suxeitas a declaración responsable.
Artigo 8. Actividades suxeitas a licenza previa municipal.
Artigo 9. Actos de natureza urbanística non suxeitos a licenza ou comunicación previa por estar amparados noutro título habilitante.
Artigo 10. Actividades exentas de declaración responsable, licenza municipal e autorización autonómica.
Artigo 11. Principios xerais no exercicio da actividade de intervención.
Artigo 12. Emenda e mellora das solicitudes e escritos dos interesados.
Artigo 13. Intervención sobre bens integrantes do patrimonio cultural.
CAPÍTULO 2. INFORMACIÓN URBANÍSTICA
Artigo 14. Dereito de acceso á información pública.
Artigo 15. Formas de acceso á información municipal.
Artigo 16. Información ordinaria.
Artigo 17. Información escrita.
Artigo 18. Sinalización de aliñacións e rasantes.
Artigo 19. Información e actuacións previas.
CAPÍTULO 3. RÉXIME XURÍDICO DAS LICENZAS URBANÍSTICAS
SECCIÓN 1.ª PROCEDEMENTO PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZAS
Artigo 20. Solicitude de iniciación.
Artigo 21. Proxecto técnico para a solicitude de licenza urbanística.
Artigo 22. Documentación para supostos especiais de solicitude de licenza.
Artigo 23. Prelación de licenzas e outros títulos administrativos.
Artigo 24. Instrución do expediente.
Artigo 24.bis. Subrogación.
Artigo 25. Finalización do procedemento.
Artigo 26. Licenzas por fases ou parciais.
Artigo 27. Eficacia.
Artigo 28. Inicio da actuación autorizada por licenza.

Número de anuncio 2022/5306

Artigo 29. Eficacia temporal das licenzas.
Artigo 30. Caducidade das licenzas.
Artigo 31. Transmisión das licenzas.
Artigo 32. Publicidade das actuacións urbanísticas.
SECCIÓN 2.ª. AS LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN
Artigo 33. Obxecto e natureza.
Artigo 34. Procedemento de outorgamento de licenza de primeira ocupación. Documentación necesaria.
Artigo 35. Servizos.
Artigo 36. Licenzas de primeira ocupación parciais.
CAPÍTULO 4. RÉXIME XURÍDICO DA COMUNICACIÓN PREVIA
SECCIÓN 1.ª DISPOSICIÓNS XERAIS
Artigo 37. Obxecto e natureza da comunicación previa.
Artigo 38. Presentación e contido da comunicación previa.
Artigo 39. Efectos da comunicación previa.
SECCIÓN 2.ª RÉXIME DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTOS DE NATUREZA URBANÍSTICA
Artigo 40. Comunicación previa para actos de natureza urbanística
SECCIÓN 3.ª. RÉXIME DA COMUNICACIÓN PREVIA PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES E/OU PRESTACIÓN DE SERVIZOS
Artigo 41. Comunicación previa para o exercicio de actividades e/ou prestación de servizos.
Artigo 42. Modificacións das actividades.
CAPÍTULO 5. RÉXIME XURÍDICO DA DECLARACIÓN RESPONSABLE
Artigo 43. Obxecto e natureza da declaración responsable
Artigo 44. Presentación da declaración responsable.
Artigo 45. Efectos da declaración responsable.
Artigo 46. Modificacións das actividades sometidas a declaración responsable.
Artigo 47. Réxime da declaración responsable aplicable á instalación e posta en funcionamento das estacións e infraestruturas radioléctricas.
CAPÍTULO 6. RÉXIME XURÍDICO DA LICENZA DE ACTIVIDADE PREVIA
Artigo 48. Actividades sometidas a licenza previa.
Artigo 49. Procedemento de outorgamento de licenza para a apertura de establecementos abertos ao público cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.
Artigo 50. Procedemento de outorgamento de licenza para a instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público.
Artigo 51. Procedemento de outorgamento de licenza para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario, que requiran de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial de aplicación.
Artigo 52. Procedemento de outorgamento de licenza para a montaxe de instalacións para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas e a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que teñan que dispor de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial de aplicación.
Artigo 53. Contido das licenzas municipais de actividade.
Artigo 54. Vixencia das licenzas.
Artigo 55. Extinción das licenzas.
Artigo 56. Revogación e caducidade.
Artigo 57. Modificacións das actividades sometidas a licenza ou autorización previa.
CAPÍTULO 7. OUTRAS DISPOSICIÓNS
Artigo 58. Actuacións promovidas por administracións públicas.
Artigo 59. Simultaneidade de réximes de intervención. Licenza urbanística e comunicación previa de actividade.
Artigo 60. Simultaneidade de réximes de intervención. Comunicación previa urbanística e comunicación previa de actividade.
Artigo 61. Simultaneidade de réximes de intervención. Licenza urbanística ou comunicación previa urbanística e declaración responsable de actividade.
Artigo 62. Simultaneidade de réximes de intervención. Licenza urbanística e licenza en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.
Artigo 63. Modificación da actuación durante a tramitación do procedemento.
Artigo 64. Control municipal sobre as actuacións comunicadas ou autorizadas mediante licenza.
Artigo 65. Actuacións de control municipal.
Artigo 66. Causas de ineficacia das comunicacións previas e declaracións responsables.
Artigo 67. Procedemento de declaración de ineficacia.
Artigo 68. Efectos da declaración de ineficacia.
Artigo 69. Procedemento de verificación.
Artigo 70. Procedemento de control posterior.
Artigo 71. Notificacións ao Rexistro da Propiedade.
DISPOSICIÓNS ADICIONAIS
Disposición adicional primeira. Natureza xurídica dos anexos.
Disposición adicional segunda. Criterios interpretativos
Disposición adicional terceira. Forma de presentación da documentación.
Disposición adicional cuarta. Definicións.
DISPOSICIÓN TRANSITORIA. Procedementos iniciados antes da entrada en vigor.
DISPOSICIÓN DERROGATORIA.
DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Aprobación do Plan de inspección municipal.
DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Entrada en vigor.
ANEXOS
Anexo I. Modelos normalizados de instancias
Anexo II. Relación de obras menores suxeitas ao réxime de comunicación previa.

Número de anuncio 2022/5306

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A transposición ao ordenamento xurídico español da Directiva 2006/123/CE e a consecuente adaptación da lexislación ao principio de libre acceso ás actividades e servizos, obriga, no ámbito da Administración Local, a realizar un estudo dos medios e procedementos administrativos de intervención no exercicio de actos de natureza urbanística e de prestación de servizos e posta en funcionamento de actividades por parte dos cidadáns, co fin de simplificar e axilizar trámites administrativos.

A entrada en vigor da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, introduciu modificacións na lexislación de réxime local coa finalidade de restrinxir a esixencia xeral de obtención de licenza previa para implantar actividades económicas. Neste sentido, os artigos 84, 84 bis e 84 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, sinalan os medios que ostentan as entidades locais para intervir a actividade dos cidadáns, establecendo, con carácter xeral, a inesixibilidade de medios de control preventivos para o exercicio de actividades salvo que resultase necesario para a protección da saúde ou seguridade públicas, o medio ambiente ou o patrimonio histórico-artístico, ou cando requirisen dun uso privativo e ocupación do dominio público; pero, en todo caso, condicionando a esixibilidade de control previo a un xuízo de necesidade e proporcionalidade co obxectivo perseguido.

En materia urbanística, e no marco das competencias exclusivas da Comunidade Autónoma de Galicia establecidas no artigo 148.1.3.ª da Constitución e artigo 27.3 do seu Estatuto de autonomía, promulgouse a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que prevé como títulos habilitantes de natureza urbanística a licenza urbanística e a comunicación previa, tendo ambos a finalidade de someter ao control municipal os actos de edificación e uso do solo e subsolo.

De conformidade co sinalado, con carácter xeral, no artigo 69.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, en materia urbanística, nos artigos 142 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 348 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, a licenza urbanística é o título administrativo regulado mediante o cal a administración exercita un acto de control preventivo, polo que comproba que os actos de uso e/ou edificación proxectados se axustan ao ordenamento urbanístico vixente e que reúnen as condicións exixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade. Por outra banda, a comunicación previa é o documento mediante o cal os interesados poñen en coñecemento da administración pública competente os datos relevantes para o inicio dunha actividade, ou o exercicio dun dereito, estimando que reúne os requisitos exixibles para realizar un acto que non está suxeito a licenza municipal.

Á súa vez, a entrada en vigor da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e posteriormente o Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, establecían como réxime xeral o de comunicación previa para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial.

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, introduce o réxime de declaración responsable para as actividades recreativas e espectáculos públicos. En virtude do establecido na disposición final segunda de devandita lei, a presente ordenanza pretende regular de forma integral os diferentes medios de intervención do Concello de Narón na actividade de natureza urbanística dos cidadáns e na prestación de servizos e exercicio de actividades no termo municipal.

Os obxectivos da ordenanza están encamiñados a remover os obstáculos burocráticos que dificulten a posta en funcionamento de actividades económicas, simplificando os trámites mediante a eliminación de procedementos innecesarios, ou a substitución por alternativas que resulten menos gravosas para os interesados. Así mesmo, presupón a veracidade e coñecemento da documentación achegada por parte dos cidadáns. Así mesmo, coa ordenanza, o Concello de Narón persegue dotar dunha regulación integral e específica aos medios e procedementos de intervención e de control previo e posterior, de forma que se garanta a seguridade xurídica na prestación e exercicio de actividades no termo municipal.

En virtude da autonomía local constitucionalmente recoñecida, que garante aos municipios personalidade xurídica propia e plena autonomía no ámbito dos seus intereses, e que lexitima o control das actividades e actos de natureza urbanística que se desenvolvan no seu termo municipal, elabórase a presente ordenanza, para a súa entrada en vigor despois de seguir a tramitación establecida para o efecto polo artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

II

A ordenanza estrutúrase en diversos capítulos, o primeiro dos cales recolle as disposicións xerais e normas comúns aos diferentes réximes de intervención municipal, establecendo unha ordenación detallada dos actos e actividades suxeitos a cada un.

Número de anuncio 2022/5306

O capítulo 2 está dedicado a regular o acceso á información pública dos cidadáns e interesados lexítimos aos expedientes de natureza urbanística ou de prestación de servizos e actividades, respectando, en todo caso, os principios e a lexislación en materia de transparencia e bo goberno. Concrétanse os medios e mecanismos en que se plasma a información nesta materia e os instrumentos destinados a proporcionar a información necesaria para os interesados.

O capítulo 3 regula o réxime xurídico das licenzas urbanísticas. Establécese o procedemento de tramitación, eficacia, caducidade, transmisión de licenzas, así como as licenzas de primeira ocupación.

O capítulo 4 regula as actuacións sometidas ao réxime de comunicación previa. Enuméranse distinguindo aquelas que se refiren á execución de obras ou ao exercicio de actividades. Regúlase o procedemento e a documentación necesaria e establécese o sistema de protección urbanística e/ou ambiental das actuacións suxeitas a comunicación previa.

O capítulo 5 regula o réxime das actividades sometidas a declaración responsable, referidas á apertura dos establecementos abertos ao público en que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas, así como a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas. A ordenanza regula o procedemento e a documentación necesaria para a presentación da declaración responsable, os efectos da súa presentación e a modificación da actividade sometida a declaración responsable. Tamén se recollen os supostos sometidos a declaración responsable consonte a normativa estatal de telecomunicacións.

O capítulo 6 regula o réxime xurídico das autorizacións ou licenzas previas municipais de actividades, enumerando as actividades sometidas a esta esixencia, en atención á concorrencia de razóns de interese xeral derivadas da necesaria protección da seguridade e saúde pública, dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, do mantemento da orde pública, así como da adecuada conservación do medio ambiente e o patrimonio histórico artístico.

Por último, o capítulo 7 regula as actuacións promovidas por outras administracións públicas, os supostos en que se produce simultaneidade dos diferentes réximes de intervención previstos na ordenanza, así como as modificacións na actuación ou actividade proxectada ou declarada, as causas de ineficacia das comunicacións e declaracións presentadas e o control posterior polo Concello de Narón.

III

A ordenanza complétase con dous anexos. O anexo I recolle os modelos xenéricos de solicitude de licenza urbanística, comunicación previa de obras, comunicación previa de actividades sometidas a avaliación ambiental, comunicación previa de actividades non sometidas a avaliación ambiental, comunicación previa de transmisión de titularidade, declaración responsable de actividades recreativas e espectáculos públicos, licenza de actividades recreativas e espectáculos públicos, licenza de primeira ocupación, licenza de parcelación urbanística/segregación de terreos, e declaración responsable para a instalación e posta en funcionamento das estacións e infraestruturas radioeléctricas, incluíndo a documentación que debe acompañarse.

Para efectos interpretativos inclúese o anexo II, que detalla exemplos de obras que, en atención ao ordenamento urbanístico aplicable, han de ser cualificadas de menores e sometidas ao réxime de comunicación previa.

CAPÍTULO 1

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto da ordenanza.

A presente ordenanza ten por obxecto regular os medios e procedementos de intervención nos actos de natureza urbanística e de prestación de servizos e actividades de iniciativa privada, de conformidade co establecido na normativa estatal, autonómica e local aplicable.

O réxime establecido pola ordenanza subordínase ao que dispoñan a normativa estatal e autonómica nas materias reguladas por aquelas e segundo as competencias en cada caso.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

A presente ordenanza é aplicable a calquera actuación de natureza urbanística, entendida esta como calquera actividade de construción, edificación e uso do solo e do subsolo que se realice no termo municipal de Narón; así como a calquera prestación de servizos e actividades que se desenvolvan no termo municipal de Narón.

Artigo 3. Réximes de intervención.

A intervención administrativa do Concello de Narón nas actuacións urbanísticas dos cidadáns farase a través das licenzas e as comunicacións previas, de acordo co disposto na lexislación urbanística e na presente ordenanza.

Non se poderá realizar ningunha actividade de natureza urbanística sen presentar a procedente comunicación previa, ou sen obter, se é o caso, a correspondente licenza municipal. Calquera actuación realizada sen título habilitante facultará

Número de anuncio 2022/5306

ao Concello de Narón para exercitar as súas facultades en materia de reposición da legalidade infrinxida, de conformidade coa lexislación aplicable.

A intervención administrativa do Concello de Narón nas actuacións dos cidadáns destinadas á instalación e/ou apertura de establecementos e ao exercicio de actividades económicas e prestación de servizos realizarase, con carácter xeral, a través da comunicación previa, coa única excepción dos supostos legalmente taxados nos que sexa necesaria a obtención de licenza ou declaración responsable, nos termos establecidos na presente ordenanza e na normativa aplicable.

Artigo 4. Actos de natureza urbanística suxeitos a licenza previa municipal.

Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que fosen procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos de natureza urbanística:

a) As obras de construción, edificación e implantación de instalacións de nova planta, no solo, voo ou subsolo, excepto aquelas de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha soa planta.

b) As intervencións que afecten ao conxunto do sistema estrutural da construción, o edificio ou a instalación, ou que supoñan unha variación esencial no deseño ou composición xeral exterior ou a volumetría da edificación.

c) Modificacións de proxecto de obras con licenza en execución, cando estas sexan substanciais, entendendo por tal aquelas que supoñan alteración da súa posición, altura, volume, edificabilidade, ou que afecten ao conxunto do deseño exterior, da cimentación e estrutura, ou á seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade do edificio ou instalación.

d) As obras de implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa de forma provisional ou permanente.

e) As obras que supoñan calquera intervención en inmobles declarados bens de interese cultural, ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

f) As obras de demolición, salvo as derivadas de resolucións executivas de procedementos de disciplina urbanística.

g) Os muros de contención de terras cando a súa altura dende a rasante natural sexa igual ou superior a 1,50 metros.

h) Piscinas efectuadas en obra cunha profundidade libre do vaso dende a rasante natural do terreo igual ou superior a 1,50 metros.

i) Os grandes movementos de terras e as explanacións que alteren o nivel natural do terreo, entendendo por tales aqueles cunha altura superior a 1,50 metros e/ou un volume total superior a 5000 m^3.

j) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, salvo que sexan consecuencia da aprobación dun instrumento de xestión urbanística; da execución de infraestruturas ou dotacións públicas; ou da distinta clasificación ou cualificación urbanística outorgada polo plan á parcela matriz ou de orixe para as que proceda a declaración de innecesaridade, sempre que se garantan as condicións de acceso público das parcelas resultantes.

k) A primeira ocupación dos edificios.

l) Os cambios do uso principal ou característico de edificios por outros usos permitidos no plan.

m) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando esta corta se derivase da lexislación de protección do dominio público, excepto as autorizadas en solo rústico polos órganos competentes en materia forestal.

n) Os usos e obras provisionais legalmente autorizables.

o) Calquera acto de construción e uso do solo e subsolo que realicen os particulares e as Administracións públicas en bens de dominio público, que non sexan da súa titularidade no segundo suposto, sen prexuízo das autorizacións ou concesións que outorgue o ente titular do devandito dominio, coa excepción das instalacións de produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica para cuxa autorización sexa competente a administración autonómica, as cales estarán ao réxime establecido na normativa sectorial aplicable.

p) As obras ordinarias de urbanización non incluídas en proxectos de urbanización e os demais actos que sinalen os instrumentos de plan urbanístico, aínda cando se trate de execución simultánea da urbanización coa edificación.

q) A realización de todo tipo de obras ou actuacións que se teñan que realizar en dominio público municipal ou requiran a conexión con servizos urbanísticos municipais, con excepción das vinculadas coa apertura de gabias para a disposición, reposición e mantemento dos servizos, subministracións e infraestruturas municipais que seguirán o procedemento establecido pola ordenanza municipal correspondente.

Número de anuncio 2022/5306

r) En xeral todas aquelas obras ou actuacións asimilables ás anteriores aínda que non se citasen nos apartados que anteceden; nas que se aprecien razóns imperiosas de interese xeral pola natureza destas ou pola súa incidencia na protección do medio ambiente e do ámbito urbano; as que se suxeiten a licenza pola lexislación urbanística e as que necesiten de proxecto de edificación de acordo co establecido pola Lei de ordenación da edificación.

s) A colocación de carteis e paneis de propaganda, segundo o establecido na Ordenanza reguladora da publicidade exterior no termo municipal de Narón.

t) As construcións e instalacións cunha superficie superior a 30 m^2.

Artigo 5. Actos de natureza urbanística suxeitos a comunicación previa.

Estarán sometidos ao réxime de comunicación previa os seguintes actos de natureza urbanística:

a) As obras de conservación e restauración de edificacións e instalacións sempre que non afecten a edificios catalogados, nin ao conxunto do sistema estrutural, nin supoñan unha variación esencial no seu deseño exterior, nin incremento de volume ou edificabilidade.

b) As actuacións na envolvente do edificio e espazos libres vinculados, que non se refiran á modificación xeral da fachada, nin supoñan aumento de volume, nin afecten ao conxunto do sistema estrutural, permitíndose actuacións concretas ou puntais de elementos estruturais.

c) As construcións e instalacións auxiliares, tales como adegas e alpendres cunha superficie non superior a 30 m^2, piscinas non contempladas no artigo 4 h), pistas deportivas ou pérgolas.

Non se permitirán nestas edificacións, en ningún caso, elementos propios de uso residencial, por exemplo: aseos, porches, etc.

d) As actuacións ligadas ao acondicionamento dos locais ou calquera outro establecemento de aproveitamento independente para desempeñar unha actividade cando non requiran da redacción dun proxecto de obra de conformidade coa lexislación de ordenación da edificación.

e) A execución de obras ou instalacións menores. En ningún caso se entenderán como obras menores, os muros de contención de máis de metro e medio de altura, as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou que estean catalogados e os grandes movementos de terra.

f) A utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servizos ou outras análogas.

g) O uso do voo sobre as edificacións e instalacións de calquera clase.

h) A modificación do uso de parte dos edificios e instalacións, en xeral, cando non teñan por obxecto cambiar o uso característico ou principal do edificio nin implantar un uso residencial.

i) A extracción de granulados para a construción e a explotación de canteiras, aínda que se produza en terreos de dominio público e estean suxeitos a concesión ou autorización administrativa.

j) As actividades extractivas de minerais, líquidos, e de calquera outra materia, así como os de verteduras no subsolo.

k) As actuacións consistentes en sondaxes e/ou estudos xeotécnicos.

l) As actuacións de urbanización interior de parcelas.

m) A instalación de invernadoiros.

n) A colocación de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, segundo o establecido na Ordenanza reguladora da publicidade exterior no termo municipal de Narón.

o) A execución, e conservación de peches e valados de predios.

p) Os actos e obras que deban realizarse obrigatoriamente en cumprimento dunha orde de execución, sempre que sexan de escasa entidade construtiva e de sinxeleza técnica.

q) Con carácter xeral, calquera acto de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non descrito na presente ordenanza que non estea expresamente suxeito a licenza.

Para os efectos do disposto na presente ordenanza, por razóns de seguridade xurídica, no anexo II establécese, a título meramente indicativo, unha relación de exemplos de obras menores suxeitas ao réxime de comunicación previa.

Número de anuncio 2022/5306

Artigo 6. Actividades suxeitas a comunicación previa.

1. Están sometidas ao réxime de comunicación previa, con carácter xeral, o inicio dunha actividade ou a apertura dun establecemento e, se é o caso, o inicio dunha obra ou instalación que se destine especificamente a unha actividade, de acordo co establecido na normativa aplicable e na presente ordenanza.

2. Para estes efectos, a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, así como a apertura dos establecementos destinados a este tipo de actividades, require a presentación por parte da persoa titular da actividade dunha comunicación previa co contido previsto nesta ordenanza ante o Concello de Narón.

3. Cando a actividade se exerza nun só establecemento, bastará unha única comunicación previa por actividade e persoa titular desta. Noutro caso, deberá presentarse unha comunicación por establecemento.

4. Dentro das actividades a incluír neste título comprenderanse as actividades desenvolvidas, entre outras, por entidades sen ánimo de lucro e entidades públicas, así como a posta en funcionamento de equipamentos públicos.

5. Cando na presente ordenanza se empregue a expresión actividades debe entenderse que se refire, en sentido amplo, a todas as actividades económicas, empresariais, profesionais, industriais ou comerciais.

Artigo 7. Actividades suxeitas a declaración responsable.

Están sometidas ao réxime de declaración responsable, con carácter xeral, a apertura dos establecementos abertos ao público en que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas e a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas. No entanto, por razóns de interese xeral vinculadas á orde, seguridade e saúde pública e protección do medio ambiente, esixirase a obtención de licenza municipal ou autorización autonómica nos supostos establecidos no seguinte artigo.

Artigo 8. Actividades suxeitas a licenza previa municipal.

Será necesaria a obtención previa de licenza para as seguintes actividades:

a) A apertura de establecementos abertos ao público cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.

b) A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público.

c) A celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario, sempre que requiran de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial de aplicación.

d) A montaxe de instalacións para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas e a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que teñan que dispor de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial de aplicación.

e) A apertura de establecementos abertos ao público e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxa normativa específica esixa a concesión de licenza ou autorización.

Artigo 9. Actos de natureza urbanística non suxeitos a licenza ou comunicación previa.

1. Non están sometidos a licenza urbanística, nin a comunicación previa, por estar amparados noutro título habilitante as seguintes actuacións urbanísticas:

a) As obras e actuacións reflectidas en proxectos de urbanización, en proxectos de obra pública, ou calquera outros de contido equivalente, que sexan aprobadas ou autorizadas polo acordo municipal correspondente.

b) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos que sexan consecuencia da aprobación dun instrumento de xestión urbanística, da execución de infraestruturas ou dotacións públicas previstas no correspondente proxecto, ou da distinta clasificación ou cualificación urbanística outorgada polo plan á parcela matriz ou de orixe para as que o concello declare a súa innecesaridade.

c) As actuacións que a lexislación sectorial aplicable exclúa de forma expresa dos actos municipais de intervención previa e de comunicación previa.

d) As obras de urxencia que teñan que executarse nos termos regulamentarios, nos supostos de declaración previa de ruína ou ordes de execución con perigo inminente para as persoas.

e) As agrupacións de inmobles.

2. Co obxecto de solicitar a innecesaridade de título administrativo deberá presentar a documentación contida no artigo 22, apartado F.1), subapartados c), e), f) e g), en relación co artigo 25.6 da presente ordenanza.

Número de anuncio 2022/5306

Artigo 10. Actividades exentas de declaración responsable, licenza municipal ou autorización autonómica.

Quedan exentos de declaración responsable, licenza e autorización autonómica, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos que sexan de aplicación:

a) A apertura de establecementos abertos ao público que sexan de titularidade do propio concello.

b) Os espectáculos públicos e actividades recreativas organizados polo Concello de Narón con motivo de festas e verbenas populares, con independencia da titularidade do establecemento ou espazo aberto ao público onde se leven a cabo.

Artigo 11. Principios xerais no exercicio da actividade de intervención.

O Concello de Narón debe servir con obxectividade os intereses públicos que lle están encomendados e actuar de acordo cos principios de eficacia, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito; axustando a súa actividade de intervención, en todo caso, aos principios de igualdade de trato, necesidade e proporcionalidade co obxectivo que se persegue.

Artigo 12. Emenda e mellora das solicitudes e escritos dos interesados.

1. Se a solicitude de informe ou iniciación de calquera procedemento, ou calquera outro escrito presentado polos interesados, non reúne os requisitos que sinala a presente ordenanza, requirirase ao interesado para que nun prazo de dez días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución respecto diso, ou declaración da súa ineficacia, no seu caso.

2. No entanto, o erro en que poida incorrer o interesado á hora de definir a obra ou actividade que pretende levar a cabo nalgún dos réximes de licenza ou comunicación previa previstos na presente ordenanza non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que do seu contido se deduza o seu verdadeiro carácter. En tal caso, o Concello ditará resolución dándolle ao escrito en cuestión o carácter que lle corresponda, requirindo ao interesado que emende a solicitude e acompañe a documentación preceptiva, nos termos indicados no apartado anterior.

3. Se algún dos suxeitos que legalmente están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración presenta a súa solicitude presencialmente, será requirido para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que sexa realizada a emenda.

Artigo 13. Intervención sobre bens integrantes do patrimonio cultural.

1. Calquera intervención que se pretenda realizar sobre bens de interese cultural ou bens catalogados, así como, se é o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas previamente pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, de acordo coa normativa sectorial aplicable.

2. Os informes e/ou autorizacións en materia de patrimonio cultural deberán ser achegados polo interesado tanto nos casos de solicitudes de licenzas de obras como na presentación de comunicacións previas.

CAPÍTULO 2

INFORMACIÓN URBANÍSTICA

Artigo 14. Dereito de acceso á información pública.

1. Calquera persoa ten dereito a acceder á información pública dos contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren nas dependencias do Concello de Narón, e estean finalizados mediante resolución firme, sen prexuízo do aboamento dos tributos que correspondan.

2. Para acceder aos procedementos administrativos regulados na presente ordenanza que estean en tramitación e ter dereito a coñecer, en calquera momento, o estado de tramitación e a obter información sobre estes; deberá ter a condición de persoa interesada, de acordo co establecido na lexislación de procedemento administrativo común.

3. Todos os cidadáns teñen dereito a acceder á información de que dispoña o Concello de Narón sobre a ordenación e condicións urbanísticas dun inmoble situado no termo municipal, así como obter copia ou certificación das disposicións ou actos administrativos municipais adoptados.

4. Non obstante o disposto anteriormente, o dereito de acceso á información poderá ser ponderado polo Concello de Narón, cando iso supoña un prexuízo para as funcións administrativas de vixilancia, inspección e control, ou sexan manifestamente repetitivas, ou teñan un carácter abusivo non xustificado.

5. Para exercitar o dereito de acceso á información será necesaria a presentación da solicitude que permita ter constancia da identidade do/a solicitante, a información que se solicita e un teléfono e dirección de contacto, preferentemente electrónica, para os efectos de comunicacións, ademais do aboamento da taxa correspondente, se é o caso.

Número de anuncio 2022/5306

Artigo 15. Formas de acceso á información municipal.

1. O acceso á información dos expedientes administrativos producirase a través das seguintes formas:

a) Información ordinaria mediante consultas aos servizos municipais, vista de expedientes e obtención de copias de documentos.

b) Información mediante a contestación municipal por escrito a consultas concretas que expoñan os cidadáns.

c) Sinalización de aliñacións e rasantes cando non veñen reflectidos no plan.

2. A prestación municipal dos servizos indicados devindicará o aboamento das taxas fixadas respecto diso na ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 16. Información ordinaria.

1. O Concello de Narón habilitará os medios necesarios para proporcionar aos cidadáns o acceso á información urbanística xeral sobre réxime urbanístico, nos termos establecidos no artigo 14 desta ordenanza.

Para tal fin, ademais do acceso á información xeral contida na páxina web municipal, establecerase un calendario e horario semanal de información ao público, previa solicitude de cita previa.

2. Para o exame de proxectos ou expedientes que se atopen finalizados con resolución firme, así como para a consulta sobre algunha cuestión específica con persoal técnico concreto, deberá solicitarse cita previa, debendo atenderse á petición no prazo máximo dun mes.

Este prazo poderase ampliar noutro mes no caso de que o volume ou a complexidade da información que se solicita así o fagan necesario e despois da súa notificación ao/á solicitante.

3. A obtención de copias de proxectos ou de documentos de expedientes solicitarase por escrito, e será atendida nun prazo dun mes, sempre que reúna os requisitos mínimos establecidos no artigo 14.5 desta ordenanza.

Artigo 17. Información escrita.

1. Os servizos municipais contestarán por escrito a cantas solicitudes de información en materia urbanística ou de exercicio de actividades e prestación de servizos se lle soliciten mediante escrito presentado debidamente no Rexistro municipal.

2. Cando así o solicite a persoa interesada, a contestación municipal poderá adoptar a forma de informe ou certificado, cuxa expedición devindicará as taxas correspondentes.

3. Cando a solicitude de información se refira á situación urbanística dun inmoble, xunto coa solicitude deberase presentar, polo menos, un documento gráfico suficiente que identifique correctamente a localización do inmoble, sen prexuízo de documentación gráfica adicional, atendendo á entidade da consulta escrita.

4. Para os efectos da elaboración de documentos técnicos que recollan obras accesorias de urbanización legalmente permitidas, poderá instarse do Concello consulta non vinculante sobre as condicións necesarias para a conversión dunha parcela en soar ou en terreo edificable. Esta consulta será respondida, previo informe técnico dos servizos municipais.

5. As persoas interesadas poderán solicitar do Concello a emisión dun informe previo a calquera actuación que promovan, co obxecto de coñecer a viabilidade urbanística da actuación pretendida, debendo presentar ante o Concello un anteproxecto ou documento técnico suficiente que describa correctamente a actuación proxectada.

Artigo 18. Sinalización de aliñacións e rasantes.

1. De oficio ou a instancia da persoa interesada, os servizos técnicos municipais, mediante un levantamento topográfico ou os medios que se consideren oportunos, reflectirán graficamente as aliñacións e rasantes que afecten a calquera inmoble susceptible de edificación.

2. Se o plan de Narón non reflicte nos seus documentos gráficos as aliñacións, a sinalización de aliñacións será preceptivo en calquera solicitude de licenza ou comunicación previa destinada á construción na parcela.

3. Será obrigatorio dispor da sinalización de aliñacións como requisito previo á solicitude de licenza ou presentación de comunicación previa dunha nova construción ou valados, xa sexa porque as define o plan, ou no seu defecto, porque se sinalaron na forma indicada no presente artigo.

4. Nos proxectos de edificación e, se é o caso, de obras accesorias de urbanización que se sometan a licenza municipal, así como na documentación das comunicacións previas para a execución de peches ou valados de parcela, deberán sinalarse as aliñacións correspondentes como elemento integrante dos documentos e solicitudes, así como os terreos susceptibles de cesión destinados a vías fóra das aliñacións.

Número de anuncio 2022/5306

5. O documento relativo á sinalización de aliñacións e/ou rasantes terá eficacia xurídica ata o momento no que, se é o caso, se altere o plan urbanístico que sinale as aliñacións e rasantes.

6. A solicitude de sinalización de aliñacións e rasantes realizarase mediante instancia, achegando a seguinte documentación técnica:

– Referencia ou ficha catastral.

– Plano de situación e localización da parcela na cartografía da PXOM de Narón (escala 1:5000 ou 1:2000).

– Plano ou esbozo que identifique o perímetro e lindes da parcela (escala mínima 1:500).

CAPÍTULO 3

RÉXIME XURÍDICO DAS LICENZAS URBANÍSTICAS

SECCIÓN 1.ª.–PROCEDEMENTO PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZAS

Artigo 19. Información e actuacións previas.

1. Con anterioridade ao comezo do procedemento, o interesado poderá solicitar un informe de viabilidade urbanística que terá por obxecto verificar e resolver dúbidas ou posibles interpretacións en relación a cuestións concretas da normativa urbanística en vigor, en relación coa actuación proxectada.

2. O informe que se emita sobre a viabilidade da actuación proxectada, en ningún caso terá os efectos xurídicos dun acto administrativo de outorgamento ou denegación da licenza.

3. Para solicitar o informe de viabilidade urbanística será necesario achegar por parte do interesado anteproxecto ou documento técnico que conteña, polo menos, a seguinte documentación:

– Referencia ou ficha catastral.

– Plano de situación do inmoble na cartografía da PXOM de Narón (escalas 1:2000 ou 1:5000).

– Plano de localización do inmoble (escalas 1:100, 1:200, 1:250, 1:300, 1:400 ou 1:500).

– Anteproxecto ou documento técnico que conteña a documentación escrita e gráfica suficiente que describa correctamente a actuación proxectada.

Artigo 20. Solicitude de iniciación.

1. O procedemento para o outorgamento de licenzas urbanísticas iníciase mediante solicitude da persoa promotora da obra, instalación ou uso do solo ou subsolo. O Concello de Narón facilitará un modelo normalizado de solicitude de licenza para cubrir pola persoa interesada.

2. A solicitude de licenza urbanística municipal será presentada no Rexistro do Concello de Narón pola persoa promotora, ou representante autorizado, dos actos de edificación e de uso do solo ou do subsolo que se pretendan realizar con anterioridade ao comezo destes.

3. A solicitude de licenza irá acompañada dos seguintes documentos mínimos:

a) Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, se é o caso, de quen a represente, debidamente acreditada, así como unha dirección para o efecto de notificacións.

b) Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e a edificación ou inmoble ao que afecte, así como a súa referencia catastral e nota simple do Rexistro da Propiedade, no suposto de estar inmatriculado.

c) Xustificante de pago dos tributos municipais que resulten preceptivos.

d) Se é o caso, proxecto técnico en formato dixital na forma e co contido que se indica no artigo 21 da ordenanza.

e) Autorizacións, concesións ou informes sectoriais que resulten preceptivos e exixibles de acordo coa normativa aplicable.

f) Se é o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

g) Medidas relacionadas coa evacuación de cascallos, xestión de residuos e utilización da vía pública.

h) Constitución, cando proceda, de garantía para a execución de obras accesorias de urbanización simultáneas á edificación para a conversión da parcela urbana en soar, por un importe do 100% do orzamento de execución por contrata (IVE incluído) que deberá depositar na Tesouraría municipal previamente ao outorgamento da licenza. Esta non será devolta ou cancelada ata que, producida a recepción das obras, transcorra un ano de garantía das mesmas. Durante o prazo de garantía o promotor da licenza responderá de cantos defectos ou vicios de construción sexan apreciados, e deberá reparalos ou corrixilos.

Número de anuncio 2022/5306

i) Deberá constituírse, se fose necesario, garantía para a reposición de danos en bens e espazos públicos (beirarrúas, vías públicas, mobiliario urbano, arboredo, redes de infraestruturas, etc.), por un importe do 100% do orzamento (IVE incluído) das obras de reposición.

j) Se é o caso, formulario de Estatística de Edificación e Vivenda debidamente cuberto, asinado polo/a promotor/a e o/a técnico/a.

k) Se é o caso, escritura de propiedade do/s predio/s na que se localicen as obras proxectadas. A dita escritura achegarase inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou outras condicións suxeitas a inscrición rexistral.

l) Se é o caso, folla de orzamento de execución material, segundo formulario municipal aprobado para o efecto.

m) Nos supostos que proceda, documentación esixida pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea para a tramitación da autorización ante este organismo.

4. As solicitudes de licenza que teñan por obxecto construcións ou instalacións de nova planta, así como as súas ampliacións, indicarán o seu uso e destino, que deberá ser conforme ás características da construción ou instalación.

5. Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade sometida ao réxime de comunicación previa, declaración responsable ou licenza ou autorización previa de actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa solicitude de licenza de obra e a documentación sinalada no apartado terceiro, acompañarase tamén a documentación mínima que se consigna nos artigos 59, 60, 61 e 62 da presente ordenanza, nos que se regulan os supostos de simultaneidade de réximes de intervención.

Artigo 21. Proxecto técnico para a solicitude de licenza urbanística.

1. Enténdese por proxecto técnico o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van realizar co suficiente contido e detalle para permitirlle á Administración coñecer o obxecto daquelas e decidir se se axustan, ou non, á normativa urbanística aplicable e ao resto das condicións sinaladas nela.

O proxecto terá que xustificar tecnicamente as solucións propostas de conformidade coas especificacións requiridas pola normativa técnica aplicable.

Para o outorgamento da licenza será suficiente a presentación do proxecto básico segundo o establecido no Código Técnico da Edificación e demais normativa aplicable. O proxecto básico conterá ademais da documentación establecida no anexo I do Código Técnico da Edificación (CTE): o Documento Básico de Seguridade de Utilización e Accesibilidade (DBSUA) deste Código Técnico, a xustificación das condicións de salubridade que condicionen os espazos, o seu deseño e distribución (DBHS), e a xustificación da normativa vixente en materia de accesibilidade e habitabilidade.

2. As solicitudes de licenza urbanística terán que acompañarse de proxecto técnico redactado por técnico/a competente, en formato dixital (formato "pdf" debidamente asinado) con plano de localización e de cesión, no seu caso, xeorreferenciado en formado vectorial, co contido que se indica na presente ordenanza.

3. Unha vez presentado ante o Concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

4. O proxecto técnico conterá a seguinte documentación mínima, ademais da establecida nas normas técnicas e sectoriais aplicables:

a) Identificación de axentes intervenientes. Promotor/a, as persoas autoras do proxecto e calquera outro/a técnico/a interveniente.

Se se trata dun proxecto de obras nos termos establecidos na LOE deberá acompañarse do oficio de dirección destas (folla de encarga da dirección facultativa da obra), no que se identificará o director da obra, o director de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde, se é o caso.

Será obrigatorio obter o visado colexial nos supostos taxados aos que se refire a normativa aplicable.

b) Memoria urbanística. Documento específico e independente, no que se deberá indicar a finalidade e o uso da construción ou actuación proxectada, razoándose a súa adecuación ao ordenamento urbanístico vixente, con expresa indicación da clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación e da normativa e das ordenanzas aplicables a este solo.

A memoria do proxecto desenvolverá os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento das normas de aplicación directa sobre adaptación ao ambiente e protección da paisaxe, de conformidade coa normativa aplicable.

c) Memoria xustificativa do cumprimento das condicións previstas na normativa sectorial que resulte aplicable á actuación proxectada.

Número de anuncio 2022/5306

Cando o proxecto se desenvolva ou complete mediante proxectos parciais ou outros documentos técnicos sobre tecnoloxías específicas ou instalacións do edificio, manterase entre todos eles a necesaria coordinación.

d) Documentación gráfica: o proxecto deberá conter os correspondentes planos, a escalas adecuadas para a actuación proxectada, tanto de situación (escalas 1:2000 ou 1:5000) como de localización (escalas 1:100, 1:200, 1:250, 1:300, 1:400 ou 1:500), así como de calquera outra información gráfica que resulte precisa para apoiar o seu contido. O resto de planos presentaranse a escala 1:200, 1:100 ou 1:50, non admitíndose outras escalas.

e) Planos de información do contorno onde estean localizados os elementos de servizos urbanos, sinalización, mobilidade e outros que poidan resultar afectados polas obras proxectadas.

f) Orzamento de execución material da actuación proxectada.

Artigo 22. Documentación para supostos especiais de solicitude de licenza.

Ademais da documentación común sinalada no artigo 20 da ordenanza, para os supostos específicos que se relacionan a continuación será necesario presentar a seguinte documentación específica:

A. **INTERVENCIÓN EN EDIFICIOS EXISTENTES**

Enténdese por edificio existente aquel cuxa execución estea culminada.

a) Referencias do expediente ou expedientes municipais do edificio (urbanísticos, licenza de primeira ocupación, de actividade…). En caso contrario, datos do/a solicitante da licenza existente e ano da súa solicitude.

b) Comparativa gráfica do estado actual e final e reportaxe fotográfica do estado actual.

c) Deberá xustificarse e describirse se a intervención inclúe, ou non, actuacións na estrutura preexistente. Xustificación acreditativa do cumprimento da normativa técnica de edificación sobre a avaliación estrutural de edificios existentes.

B. **EXPEDIENTES DE LEGALIZACIÓN**

1. Os expedientes de legalización terán o mesmo contido que os proxectos técnicos requiridos para o outorgamento da licenza de obra nova, establecido no artigo 21. Para a xustificación estrutural será suficiente a achega do certificado técnico de solidez e seguridade estrutural da edificación.

O orzamento de execución material poderase substituír por unha valoración por capítulos da obra executada.

2. Deberá facerse constar na documentación referencias do expediente ou expedientes nos que consten as licenzas urbanísticas de obra, e, se é o caso de actividade, ou no seu defecto, datos do/a solicitante e ano da solicitude; ou, se é o caso, referencia do expediente de reposición da legalidade urbanística do que traia causa a solicitude de legalización e en caso contrario facelo constar.

C. **OBRAS DE DEMOLICIÓN DE EDIFICIOS NON SUXEITOS A PROTECCIÓN**

1. Os proxectos de demolición incluirán a documentación adecuada para poder estimar a necesidade ou conveniencia da demolición; e, en todo caso, testemuño fotográfico do edificio ou parte deste a demoler, así como as medidas de seguridade a adoptar durante o transcurso das obras, como son valos, mallas protectoras, equipos de protección, etc.

2. A documentación específica a presentar co proxecto de demolición será a seguinte:

a) Estudo de xestión dos residuos da demolición.

b) Estudo de seguridade e saúde ou estudo básico, asinado por técnico/a competente, con mención específica ás medidas de protección para os edificios lindeiros e para a vía pública e peóns.

c) Póliza de seguro de responsabilidade civil a favor do/a promotor/a ou, se é o caso, do construtor, que cubra os posibles danos a bens públicos e privados que poidan ocasionarse con motivo da demolición.

d) Informe emitido polas compañías subministradoras correspondentes ou declaración responsable do promotor das obras de non afección das infraestruturas e servizos existentes.

D. **GRANDES MOVEMENTOS DE TERRAS**

Considéranse grandes movementos de terra os indicados no artigo 4.i) da ordenanza. Ademais dos informes sectoriais previos que sexan preceptivos, a documentación específica que debe conter o proxecto técnico é a seguinte:

a) Memoria descritiva, onde se xustifique a necesidade do movemento de terra a realizar.

b) Fotografías.

c) Planos de planta, perfís lonxitudinais e transversais do estado actual e do estado final.

d) Medicións e orzamento detallado.

Número de anuncio 2022/5306

e) Medidas de seguridade e xestión de residuos.

E. **MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS DO PROXECTO DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS OU DAS CONDICIÓNS DA LICENZA**

Considéranse modificacións substanciais as indicadas no artigo 4.c) da ordenanza, e a documentación específica requirida é a seguinte:

a) Proxecto técnico que modifica ou substitúe ao proxecto autorizado, debidamente visado, redactado por técnico/a competente, que inclúa como mínimo:

– Memoria descritiva xustificativa das modificacións.

– Planos e orzamento, se é o caso.

– Todos aqueles documentos que en virtude da modificación pretendida alteren o contido do proxecto obxecto da licenza, segundo a normativa de aplicación.

No caso de que os servizos técnicos municipais o consideren necesario, requirirase a presentación dun texto refundido.

b) Se fose necesario, reportaxe fotográfica.

F.1. PARCELACIÓN E SEGREGACIÓN DE PREDIOS

No caso de solicitudes de licenza de parcelación, segregación ou división de terreos (instancia recollida no anexo I), deberán acompañarse dun proxecto técnico de parcelación subscrito por técnico/a competente, que incluirá a seguinte documentación específica:

a) Memoria xustificativa, na que se describirá o predio matriz e as parcelas resultantes da parcelación. Deberá xustificarse a finalidade ou o uso a que se pretendan destinar os lotes propostos e a súa adecuación ao plan urbanístico aplicable e ao réxime legal de formación de parcelas.

b) Fotocopia do título de propiedade.

c) Minuta ou proforma do documento público ou privado no que se reflicta a división de terreos ou a operación xurídica asimilada que se solicite e que poderá acceder, se é o caso, ao Rexistro da Propiedade. Para ese efecto, neste documento consignarase a seguinte información:

– Descrición do predio matriz de orixe obxecto de parcelación. Identificarase ao propietario, superficie, descrición de lindes e existencia de construcións, título de adquisición da propiedade, referencias catastral e rexistral, cargas e gravames e estado posesorio.

– Descrición dos lotes ou parcelas resultantes da parcelación. Describirase a superficie, lindes e construcións existentes, así, como se é o caso, traslado de cargas e gravames.

d) Plano de situación do predio (escalas 1:2000 ou 1:5000) que se pretenda dividir, con indicación da súa referencia rexistral, se estivese inmatriculado, e catastral.

e) Nota simple ou certificación rexistral do predio matriz obxecto de parcelación, se é o caso.

f) Plano parcelario xeorreferenciado do predio matriz, a escala idónea (1:100, 1:200, 1:250, 1:300, 1:400 ou 1:500) e con base cartográfica topográfica, representativo dos lotes propostos.

g) Superposición do plano parcelario sobre un plano de cualificacións urbanísticas.

h) Fichas descritivas dos lotes resultantes, incluídas as relativas aos terreos destinados a sistemas urbanísticos que se teñan que ceder, se procede. As fichas terán que especificar os límites, a cabida e a cualificación urbanística de cada lote, así como a súa calidade de indivisible, se procede, con representación gráfica debidamente acoutada.

i) Informe de validación gráfica catastral, no seu caso.

F.2. SEGREGACIÓN DOUTROS INMOBLES

No suposto de segregación de inmobles non incluídos no apartado F.1. anterior, a documentación específica a achegar será a seguinte:

a) Memoria xustificativa, na que se describirá o inmoble matriz e os lotes resultantes da segregación. Deberá xustificarse a finalidade ou o uso a que se pretendan destinar os lotes propostos e a súa adecuación ao plan urbanístico aplicable.

b) Fotocopia do título de propiedade.

c) Minuta ou proforma do documento público ou privado no que se reflicta a división de inmobles ou a operación xurídica asimilada que se solicite e que poderá acceder, se é o caso, ao Rexistro da Propiedade.

Número de anuncio 2022/5306

d) Plano de situación do inmoble (escalas 1:1000 ou 1:2000) que se pretenda dividir, con indicación da súa referencia rexistral, se estivese inmatriculado, e catastral.

e) Nota simple ou certificación rexistral do inmoble matriz obxecto de segregación, se é o caso.

f) Plano xeorreferenciado do inmoble matriz, a escala idónea (1:50, 1:75, 1:100, 1:200, 1:250).

g) Plano xeorreferenciado representativo dos lotes propostos, á mesma escala.

h) Fichas descritivas dos lotes resultantes, especificando os límites, a cabida e a cualificación urbanística de cada lote, así como a súa calidade de indivisible, se procede, con representación gráfica debidamente acoutada.

i) Informe de validación gráfica catastral, se é o caso.

G. **USOS E OBRAS PROVISIONAIS**

Achegarase documento asinado por técnico/a competente que conteña como mínimo o seguinte:

a) Memoria descritiva e xustificativa do que se pretende, incluíndo como mínimo, a clasificación e cualificación urbanística dos terreos afectados, as características construtivas da instalación ou construción, viabilidade económica da súa implantación, con descrición do impacto social, custo e tempo para o seu desmantelamento.

b) Planos de localización, planos de planta e alzado, se procede, da instalación e/ou construción, medicións e orzamento e reportaxe fotográfica.

c) Descrición da parcela, coa referencia catastral e nota simple do Rexistro da Propiedade.

d) Presentación de garantía polo valor do custo total de demolición e desmantelamento da obra ou do uso, e reposición ao estado anterior dos terreos onde se autorizaron os usos e obras provisionais.

e) Autorización asinada polo propietario para cesar o uso e demoler a construción cando o acordase o Concello, sen dereito a indemnización. Os gastos de inscrición da dita autorización no Rexistro da Propiedade correrán a cargo do titular rexistral.

Artigo 23. Prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

1. Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo fosen realizados en terreos de dominio público, esixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. O Concello de Narón non poderá outorgar nin tramitar ningunha solicitude de licenza, en tanto a persoa interesada non presente a preceptiva autorización ou concesión sobre o dominio público.

En caso de ocupación de terreos de titularidade municipal a licenza urbanística incluirá a autorización demanial de ocupación destes.

2. Cando a actuación urbanística que necesite de licenza municipal teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade ou a prestación dun servizo, consignarase expresamente esa circunstancia na solicitude e acompañarase a documentación esixida para o exercicio da actividade ou a prestación do servizo, de conformidade co establecido na presente ordenanza.

3. No caso de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requirisen a previa avaliación ambiental, non poderá outorgarse a licenza municipal con anterioridade á declaración favorable ditada polo órgano ambiental competente, e sempre que se cumpran as medidas correctoras determinadas na declaración ou resolución do órgano ambiental, de conformidade co previsto na lexislación vixente en materia de avaliación ambiental.

4. Non se poderá conceder licenza sen que se acredite a previa emisión dos informes preceptivos e o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes, de acordo co establecido na normativa vixente.

En solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de acordo coa normativa vixente.

5. As empresas distribuidoras e subministradoras de enerxía eléctrica, auga, gas e telecomunicacións deberán esixir con carácter previo á súa contratación e baixo a súa responsabilidade, aos/ás solicitantes de calquera servizo, acometida ou conexión coas redes de servizos, o título habilitante de natureza urbanística que resulte preciso para a edificación ou instalación para a que se solicita a subministración, de conformidade co establecido na presente ordenanza e na normativa aplicable.

Número de anuncio 2022/5306

Artigo 24. Instrución do expediente.

1. Admitida a trámite a solicitude, o órgano instrutor do procedemento requirirá a emisión dos informes e autorizacións sectoriais que sexan preceptivos e que teñan que ser necesariamente solicitados polo Concello de Narón.

2. Se o informe ou autorización sectorial previa pode ser solicitado directamente polo interesado e non foi achegado coa solicitude, o Concello de Narón requirirá a mellora e emenda do defecto na forma establecida no artigo 12 da ordenanza.

3. Unha vez que se verifique que a solicitude reúne os requisitos mínimos para a súa tramitación, os servizos municipais emitirán os informes técnico e xurídico, nos que deberá examinarse e xustificarse a adecuación do acto pretendido ao ordenamento xurídico aplicable. Para ese efecto enténdese que tales informes versarán sobre a conformidade da actuación pretendida ás previsións do plan, a lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación.

4. Os informes técnicos dos servizos municipais deben cinguirse a analizar a conformidade urbanística e que se reúnen as condicións exixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade.

A intervención municipal a través de licenza urbanística non comprende o control dos aspectos técnicos relativos á seguridade estrutural das construcións, ás condicións das instalacións ou á calidade dos elementos ou materiais empregados, sendo responsabilidade en exclusiva do proxectista, da dirección técnica, da promotora ou da empresa construtora ou instaladora.

Os informes xurídicos deben expor, de forma sucinta, os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias que o fundamenten e determinar, de forma motivada, se son favorables ou desfavorables ao outorgamento da licenza solicitada.

No caso de ser necesaria a cesión das franxas de terreo que se sitúan fóra dos aliñamentos oficiais destinados á regularización das vías públicas municipais, que pasarán a formar parte do dominio público, terá que formalizarse en escritura pública e as persoas interesadas deberán soportar os seus custos, incluído o da inscrición no Rexistro da Propiedade.

Así mesmo, as ditas cesións conlevarán a carga sobre a(s) parcela(s) resultante(s) lucrativa(s) de asumir os custos da retirada de valados e todo tipo de elementos existentes, igualando a rasante da superficie cedida coa do vial, fóra das aliñacións e nos terreos de cesión necesarios para a apertura e regularización do viario preciso na fronte do predio (parcela de cesión), cando lle sexa requirido aos efectos polo Concello, sen prexuízo das obras de urbanización que se requiran en cada caso.

5. Á vista dos informes técnico e xurídico municipais, se estes fosen desfavorables pola concorrencia de defectos emendables no proxecto, que non puidesen establecerse como condicións á licenza, requirirase ao/á solicitante, con suspensión do prazo para resolver, a modificación ou rectificación do proxecto inicialmente presentado, conferíndolle un prazo de dez días, prorrogable a solicitude do interesado, para que o seu cumprimento, debendo emitirse un último informe sobre a emenda requirida e presentada, se é o caso.

6. Instruído o expediente e solicitados todos os informes preceptivos, sen que conste ningún informe vinculante desfavorable, o expediente coa proposta de resolución, será remitido ao órgano competente para resolver o procedemento.

Artigo 24. bis. Subrogación

1. Durante a tramitación dos procedementos poderá producirse a subrogación da nova persoa solicitante sempre que se acredite a conformidade da persoa titular inicial.

2. A tramitación do expediente continuará a nome da ou do novo titular e partirase da mesma situación en que se atopaba o anterior.

3. O consentimento da ou do titular anterior poderá ser substituído polo documento público ou privado translativo da propiedade ou posesión do inmoble, local ou predio.

Artigo 25. Finalización do procedemento.

1. A Alcaldía do Concello de Narón ten atribuída a competencia para o outorgamento das licenzas no municipio, podendo delegar o exercicio da atribución nos termos que sinala a lexislación de réxime local.

2. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa e coas autorizacións e os informes sectoriais preceptivos no rexistro do Concello de Narón.

3. O prazo de resolución do expediente de outorgamento de licenza suspenderase cando a documentación non estea completa, ou non se achegaran os informes doutras administracións públicas que poidan ser solicitados pola persoa interesada ou por esta Administración, así como nos demais casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común.

4. A resolución que poña fin ao procedemento de solicitude de licenza terá que ser motivada e poderá ser:

Número de anuncio 2022/5306

a) De inadmisión: cando a documentación presentada pola persoa interesada resulte incompleta ou defectuosa e, unha vez requirido o interesado para completala ou emendala nos termos sinalados no artigo 12 da ordenanza, este omitise a súa emenda e mellora.

b) Condicionada: cando a actuación proxectada e descrita no proxecto técnico se adecúe parcialmente ao ordenamento xurídico e os motivos de incumprimento poidan ser emendados antes do inicio da actuación proxectada.

c) Denegatoria: cando a actuación urbanística obxecto de licenza contraveña o ordenamento xurídico aplicable e non sexa susceptible de emenda antes do inicio da actuación proxectada. A denegación da licenza deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinacións do plan urbanístico que se incumpran no proxecto para o que se solicita.

d) Estimatoria: cando a actuación proxectada e descrita no proxecto técnico se adecúe ao ordenamento xurídico aplicable. As licenzas urbanísticas deben outorgarse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros. A resolución estimatoria da solicitude de licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes extremos:

– Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.

– Ordenanza de aplicación.

– Finalidade da actuación e uso ao que se destinará.

– Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.

– Orzamento de execución material.

– Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de atoparse inscrito.

– Nome ou razón social da persoa promotora.

– Técnicos/as autores/as do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico/a coordinador/a de seguridade e saúde.

– Prazos para o inicio e final das obras e a posibilidade de solicitar prórrogas.

– Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa vixente e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Non se poden denegar ou outorgar licenzas urbanísticas con base nas determinacións de plans futuros, nin condicionadas á súa aprobación.

Tampouco poderán outorgarse licenzas que requiran doutras autorizacións ou informes administrativos previos, sempre que estes resulten preceptivos, ata que sexan concedidas ou emitidas nos termos regulados na lexislación vixente e na de procedemento administrativo común.

6. No caso de segregacións, parcelacións ou divisións de terreos, a resolución municipal que poña fin ao procedemento mediante o outorgamento da licenza urbanística de parcelación, deberá incorporar anexa unha copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes.

Igualmente, a resolución que declare innecesaria a licenza de parcelación solicitada nos supostos previstos normativamente, deberá tamén incorporar anexa unha copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes da división parcelaria.

7. A resolución que pon fin ao procedemento de outorgamento de licenza debe notificarse a quen aparece como interesado na forma e co contido establecido na lexislación de procedemento administrativo común.

Artigo 26. Licenzas por fases ou parciais.

1. O Concello de Narón poderá outorgar licenzas de obras parciais que autoricen a realización de fases concretas dun proxecto técnico de edificación, nos casos contemplados na normativa urbanística vixente.

2. Se as fases concretas para as que se solicita licenza parcial veñen reflectidas nun proxecto básico, o inicio das obras estará condicionado á presentación ante o Concello de Narón do proxecto de execución visado referido á fase de que se trate, de conformidade co establecido no artigo 28 da ordenanza.

3. O Concello de Narón poderá esixir mediante acordo motivado que o/a solicitante constitúa garantía para asegurar a correcta execución das obras restantes.

Número de anuncio 2022/5306

Artigo 27. Eficacia.

Os efectos da licenza produciranse dende a data do seu outorgamento.

Artigo 28. Inicio da actuación autorizada por licenza.

1. O comezo da actuación autorizada pola licenza municipal outorgada requirirá da presentación previa no Concello de Narón con, polo menos, dez días de antelación á data programada para este inicio, cando sexa necesario de acordo co disposto na presente ordenanza, da sinalización de aliñacións e rasantes e, se é o caso, a correspondente comprobación da implantación.

2. En calquera caso, non poderá iniciarse a actuación autorizada por unha licenza, se esta se outorgase a unha solicitude acompañada de proxecto básico e estivese condicionada á presentación do correspondente proxecto de execución visado.

3. Será necesario para o inicio das obras a presentación do proxecto completo de execución visado, e o resto de documentación requirida nos condicionantes da licenza de obra outorgada.

4. Desde a presentación do proxecto completo de execución visado poderanse iniciar as obras, salvo que as obras detalladas no proxecto de execución non se axusten ás autorizadas no proxecto básico.

Artigo 29. Eficacia temporal das licenzas.

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de inicio e de finalización das obras, debendo fundamentarse en criterios de proporcionalidade e complexidade da actuación proxectada.

2. Os prazos compútanse desde a notificación do outorgamento da licenza.

3. Previa solicitude expresa, o Concello de Narón poderá conceder prórrogas dos prazos establecidos na licenza outorgada, sempre que a licenza se axuste á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga.

4. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao establecido na licenza.

5. No suposto de construcións iniciadas, a concesión de prórroga estará condicionada a que a edificación sexa acabada exteriormente (paramentos exteriores e cubertas) para o que se lle esixirá á persoa promotora a prestación dunha garantía, polo importe do 100% do importe do orzamento de execución material por contrata (IVE incluído), das obras de acabado exterior da edificación.

Artigo 30. Caducidade das licenzas.

1. O transcurso do prazo establecido na licenza ou, se é o caso, do prazo concedido na prórroga para iniciar ou finalizar a actuación autorizada sen que a persoa interesada comezase ou, se é o caso, concluíse a actuación habilitada, facultará ao Concello de Narón para incoar expediente de caducidade da licenza.

2. No procedemento de declaración de caducidade darase audiencia ao titular da licenza, quen poderá solicitar prórroga, consonte o previsto no artigo 29.5 para asegurar a finalización das obras no prazo de prórroga concedido; e sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga.

3. A declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza. Unha vez notificada a caducidade da licenza, as obras non se poderán iniciar nin proseguir se non se solicita e obtén unha nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

4. En tanto non sexa outorgada, non poderán realizarse máis obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e bens e o valor do xa realizado, previa autorización ou orde de execución por parte do concello.

Artigo 31. Transmisión das licenzas.

1. As licenzas urbanísticas vixentes son transmisibles debendo comunicarse esta transmisión ao Concello de forma expresa. Para estes efectos, non se consideran en vigor as licenzas que teñan declaración expresa de caducidade, revogación ou renuncia.

2. A falta de comunicación da transmisión da licenza responsabiliza de forma solidaria aos suxeitos da transmisión dos danos que poidan derivarse das obras e das obrigacións e deberes urbanísticos.

3. O consentimento da persoa titular anterior poderá ser substituído polo documento público ou privado translativo da propiedade ou posesión do inmoble, local ou predio.

Artigo 32. Publicidade das actuacións urbanísticas.

1. Será requisito indispensable en todas as obras maiores autorizadas por licenza urbanística a colocación, xunto á obra, do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e das persoas promotora e contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza,

Número de anuncio 2022/5306

prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente municipal de outorgamento da licenza.

2. No caso de obras públicas, os carteis indicadores reflectirán o investimento proxectado e as Administracións intervenientes.


3. O cartel informativo colocarase con carácter previo ao comezo da obra e permanecerá exposto durante todo o desenvolvemento dos traballos, e en bo estado de conservación.

4. O cartel será colocado a nivel de rúa, planta baixa ou planta primeira, en soporte ríxido, con suxeicións fixas que aseguren a súa estabilidade, e en lugar que resulte perfectamente visible e lexible desde a vía pública.

5. En caso de promocións de varios bloques, o cartel deberá colocarse nos lugares sinalados, en cada un dos bloques, ou ben no valo que sirva de recinto de obra a toda a promoción.

6. O formato do cartel indicador das obras será establecido ou subministrado polo Concello de Narón, en función das dimensións e características da obra de que se trate.

7. En calquera caso, o cartel terá unhas dimensións de 110x80 cm. De forma destacada figurará o escudo do municipio de Narón, e a continuación os seguintes datos, a título indicativo, segundo requira a propia información dos diferentes supostos de obras:



8. A elaboración do cartel será por conta do/a promotor/a ou construtor/a, cubrindo os datos a partir dos que figuren na resolución de concesión da licenza e a correspondente documentación técnica, seguindo o modelo oficial.

9. Corresponde á Policía Local velar polo cumprimento do disposto neste artigo.

SECCIÓN 2.ª. AS LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

Artigo 33. Obxecto e natureza.

A licenza de primeira ocupación é o acto administrativo regulado que acredita que a actuación realizada se axusta á que foi proxectada e autorizada pola licenza previa, verificando, desta forma, que a actuación realmente executada pode destinarse ao uso previsto, reúne as condicións técnicas esixidas normativamente e que a persoa promotora cumpriu as condicións e compromisos válidos establecidos na licenza, así como que se executou a obra urbanizadora vinculada.

Número de anuncio 2022/5306

Artigo 34. Procedemento de outorgamento de licenza de primeira ocupación. Documentación necesaria.

1. O procedemento para o outorgamento de licenzas de primeira ocupación iníciase mediante solicitude da persoa promotora da obra, instalación ou uso do solo, titular da licenza previa outorgada. O Concello de Narón facilita no anexo I desta Ordenanza un modelo normalizado de solicitude de licenza de primeira ocupación para cumprimentar.

2. As solicitudes de licenza de primeira ocupación que se refiran a edificacións amparadas en licenza de obras, deberán acompañarse da seguinte documentación mínima:

a) Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, subscrito pola dirección facultativa e visado polo colexio profesional, cando así o esixa a normativa vixente.

b) Declaración do técnico/a responsable sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.

c) Memoria fotográfica do estado final das obras realmente executadas (fotografías de todas as fachadas) e, se é o caso, plano de localización definitivo xeorreferenciado.

d) Xustificación da execución de modificacións non substanciais con respecto ás determinacións previstas no proxecto que obtivo licenza, sempre que estas modificacións non precisen ser recollidas nun proxecto e que se axusten enteiramente ao ordenamento xurídico aplicable.

No caso de executar modificacións non substanciais, deberá presentarse memoria e planos do estado final da obra, en formato dixital nos que queden perfectamente recollidas, descritas e identificadas as variacións introducidas, achegando as xustificacións técnicas necesarias e a valoración final das obras realmente executadas.

Para estes efectos, enténdense por modificacións non substanciais as que, axustándose ao ordenamento xurídico aplicable, non teñen a entidade sinalada nos artigos 4 e 22 da ordenanza e non precisan de novo proxecto técnico de acordo coa lexislación aplicable.

e) Certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado, debidamente rexistrado.

f) Se é o caso, certificación ou informe emitido pola empresa que xestiona os servizos públicos municipais de subministración de auga potable e a rede de saneamento (COSMA) da adecuada execución das acometidas a estas redes.

g) Certificado de potabilidade da auga, no caso de existencia de pozo de captación para abastecemento de auga.

h) Documento acreditativo de terlle solicitado á delegación provincial do Ministerio de Facenda a alta do inmoble na contribución urbana.

i) Se é o caso, a documentación esixida na normativa acústica vixente e na Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións do Concello de Narón.

j) Nos casos de simultaneidade dos réximes de licenza en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas e licenza urbanística, deberá presentar ademais a documentación establecida no art. 62.6 desta ordenanza.

k) Certificado final de obra da Infraestrutura común de telecomunicacións e da Infraestrutura do fogar dixital, no seu caso.

l) Certificado de instalación e posta en marcha do(s) ascensor(es), no seu caso.

m) Certificado da empresa instaladora dos sistema de protección contraincendios e o seu correspondente rexistro na Consellería competente, no seu caso.

n) Inscrición das instalacións no Rexistro de Instalacións térmicas, no seu caso.

o) Nota simple do Rexistro da Propiedade da inscrición da cesión de terreos ao Concello, no seu caso.

p) Boletín de instalación eléctrica no que se indique a referencia catastral da edificación, debidamente rexistrado.

q) Rexistro de aproveitamento de aguas (pozo) e autorización de verquido (fosa séptica) de Augas de Galicia, no seu caso.

r) Calquera outra documentación esixible regulamentariamente.

3. Os servizos técnicos municipais realizarán unha visita de inspección ás obras terminadas co fin de comprobar a súa finalización e a súa adecuación ás que foron autorizadas mediante o outorgamento de licenza.

4. Comprobada a terminación das obras polos servizos técnicos municipais e que estas se axustan ás que foron autorizadas co outorgamento da licenza, outorgarase a licenza de primeira ocupación.

5. De non axustarse as obras finalmente executadas ás que foron autorizadas por licenza, por realizarse modificacións substanciais que deben ser recollidas nun proxecto, previa audiencia á persoa promotora por un prazo non superior a

Número de anuncio 2022/5306

quince días, requirirase a corrección dos defectos advertidos e que se cumpran as observacións realizadas, sen prexuízo da incoación do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística, na forma establecida na lexislación aplicable.

6. As empresas distribuidoras e subministradoras de enerxía eléctrica, auga, gas e telecomunicacións esixirán aos promotores da obra ou solicitantes do servizo para a realización das obras de acometida ou conexión coas redes de servizos ou, se é o caso, para a contratación dos respectivos servizos o título habilitante de natureza urbanística que resulte preciso para a edificación ou instalación para a que se solicita a subministración.

Artigo 35. Servizos.

1. A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, saneamento, electricidade, gas, telecomunicacións e outros servizos comunitarios da edificación executada.

2. O Concello de Narón, previa audiencia concedida á persoa promotora por un prazo non superior a quince días, poderá ordenar o corte da subministración contratada, se comproba a ausencia ou omisión previa da licenza de primeira ocupación.

Artigo 36. Licenzas de primeira ocupación parciais.

1. O Concello de Narón poderá outorgar licenzas de primeira ocupación parciais a partes dunha edificación, por edificios ou portais completos, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que teña consideración de obra completa e cumpra todas as esixencias e toda a normativa técnica aplicable.

b) Que sexa susceptible de utilización e ocupación independente.

c) Que, se é o caso, a urbanización interior e exterior da parcela directamente vinculada á edificación para a que se solicita a licenza se atope totalmente finalizada e se garanta o cumprimento das obrigacións urbanísticas da parcela que serviu de base para a obtención da licenza de obra.

d) Que a parte para cuxa ocupación ou utilización se solicite licenza de primeira ocupación, fora executada integramente de conformidade ao proxecto autorizado e de acordo coas condicións da licenza urbanística outorgada.

e) Que a utilización e ocupación da parte para a que se solicita licenza de primeira ocupación non impida ou dificulte a execución do resto do edificio.

f) Que a execución das obras inacabadas non impidan o correcto uso e ocupación da parte finalizada.

g) O Concello poderá esixir á persoa promotora a constitución dunha garantía válida en dereito para asegurar a correcta execución das obras inacabadas.

CAPÍTULO 4. RÉXIME XURÍDICO DA COMUNICACIÓN PREVIA

SECCIÓN 1.ª. DISPOSICIÓNS XERAIS COMÚNS

Artigo 37. Obxecto e natureza da comunicación previa.

1. Para os efectos desta ordenanza, a comunicación previa é o documento mediante o cal a persoa interesada, baixo a súa responsabilidade, pon en coñecemento do Concello de Narón os seus datos identificativos, manifesta que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente, achega a documentación e calquera outro dato relevante para o exercicio dunha actividade ou para o inicio dunha obra ou instalación; e, ademais, comprométese a manter o cumprimento da normativa vixente durante o período de tempo inherente ao exercicio da actividade anunciada.

2. Nos supostos en que sexa preceptiva a comunicación previa, a súa presentación, acompañada dos documentos esixidos nesta ordenanza, habilitará ao interesado para realizar a actuación comunicada, a condición de que esta se suxeite ao ordenamento xurídico aplicable ao tempo da súa presentación. Todo iso sen prexuízo das potestades municipais de verificación, comprobación, control e inspección.

Artigo 38. Presentación e contido da comunicación previa.

1. A persoa interesada, con carácter previo ao comezo da actuación de que se trate, debe presentar a correspondente comunicación previa, acompañada da documentación que se detalla no presente artigo.

Cando se trate de actos de natureza urbanística, a comunicación presentarase cunha antelación mínima de quince días hábiles á data na que pretenda iniciar a actuación pretendida.

2. A comunicación previa virá integrada por un escrito do interesado no que poña en coñecemento da Administración municipal o inicio da actuación pretendida e acredite o cumprimento dos requisitos esixidos para a súa realización. Os modelos normalizados de comunicación previa para cubrir polos interesados achéganse no anexo I desta ordenanza.

3. A comunicación previa deberá ir acompañada da seguinte documentación xenérica mínima:

Número de anuncio 2022/5306

a) Datos identificativos da persoa interesada, de quen a represente e do resto de axentes intervenientes, dirección para o efecto de notificacións, así como teléfono e correo electrónico de contacto.

b) Descrición das características do acto de que se trate, ou de ser o caso, documento técnico subscrito por persoa competente no que se describa gráfica e literalmente en papel e formato dixital a actuación que se pretenda, se concrete a localización física e se xustifique o cumprimento da normativa aplicable.

c) Data concreta de inicio da actuación comunicada e, se é o caso, da súa finalización.

d) Se é o caso, manifestación expresa de que a comunicación previa cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.

e) Copia das autorizacións, concesións administrativas, informes ou declaracións responsables de carácter sectorial cando fosen legalmente esixibles, ou documento que acredite que se solicitou a súa emisión e outorgamento e que transcorreu o prazo legal establecido para a resolución, a condición de que a lexislación sectorial non estableza de forma expresa que a omisión do informe sectorial preceptivo teña efectos desfavorables á continuación do procedemento, xunto coa manifestación expresa de que se contan con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.

f) Xustificante do ingreso das taxas ou tributos municipais que correspondan.

Artigo 39. Efectos da comunicación previa.

1. A comunicación previa constitúe un acto xurídico que habilita á persoa interesada para iniciar a actuación pretendida tal como foi formulada. Para a súa efectividade ha de cumprir o ordenamento xurídico vixente e aplicable ao tempo da súa presentación e cumprir os requisitos e documentación establecidos na presente ordenanza.

2. Previa verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na presente ordenanza, dentro dos quince días hábiles seguintes á comunicación, o Concello de Narón poderá declarar completa a documentación presentada, ou requirir a emenda ou mellora das deficiencias desta, adoptando se é o caso, motivadamente, as medidas provisionais que sexan necesarias para evitar o inicio ou continuación da actuación en contra do ordenamento xurídico, comunicándollo á persoa interesada por calquera medio que lle permita ter constancia.

3. A presentación da comunicación non constitúe unha autorización administrativa tácita, senón unicamente a transmisión da información correspondente para os efectos do coñecemento municipal e de posibilitar a intervención mediante o control posterior, sen prexuízo das facultades de inspección ordinaria.

4. A comunicación previa non faculta para exercer actuacións en contra da normativa vixente, nin pode substituír ningún outro réxime de intervención que sexa aplicable de acordo con esta ordenanza.

5. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompaña ou incorpora á comunicación previa comporta, previa audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde a notificación da resolución pola que se declare a ineficacia da comunicación efectuada, sen prexuízo das sancións que proceda impor por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias ás que se refire o apartado anterior, levará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar o deber da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, que non será inferior a tres meses nin superior a un ano.

6. Previa comprobación, a resolución do Concello de Narón que declare as circunstancias sinaladas no apartado anterior, determinará a obrigación da persoa interesada de restituír a situación xurídica alterada ao momento previo ao comezo da actividade, para o que poderá adoptar as medidas cautelares previstas legalmente para suspendela.

SECCIÓN 2.ª. RÉXIME DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTOS DE NATUREZA URBANÍSTICA

Artigo 40. Comunicación previa para actos de natureza urbanística.

1. Toda actuación de natureza urbanística, consistente na transformación, construción, edificación e uso do solo ou do subsolo que, de acordo coa normativa vixente e o disposto no artigo 5 desta ordenanza e o seu anexo interpretativo, estea suxeito ao réxime de comunicación previa, deberá ser comunicado ao Concello de Narón cos requisitos, documentación e antelación mínimos establecidos polo artigo 38 da ordenanza.

2. Ademais da documentación esixida con carácter xeral no artigo 38 da ordenanza, a comunicación previa para a execución de actos de natureza urbanística deberá ir acompañada da seguinte documentación:

Número de anuncio 2022/5306

a) O documento ao que se refire o artigo 38.3.b) da ordenanza deberá conter unha descrición gráfica da actuación, a súa localización e o seu volume ou dimensión, xunto coa referencia catastral do inmoble no que se sitúe e xustificación expresa do cumprimento da normativa urbanística aplicable.

No suposto de peches e valados deberá describirse tamén a lonxitude, altura, materiais empregados e cumprimento da normativa en materia de recuamentos e de separación e protección de vías de circulación.

b) Nos supostos en que a comunicación previa teña por obxecto a construción nunha parcela deberanse sinalar as aliñacións na forma establecida no artigo 18 da ordenanza.

c) O informe ou autorización previa do organismo autonómico competente en materia de protección do patrimonio cultural, cando sexa preceptivo.

d) O informe ou autorización previa do organismo estatal competente en materia de servidumes aeronáuticas, cando sexa preceptivo.

e) Data concreta de inicio da actuación comunicada e prazo da súa finalización, que non poderán ser superiores a tres meses e un ano, respectivamente, contados desde a presentación da comunicación no Concello de Narón, sen prexuízo da posibilidade de solicitar prórroga na forma e termos establecidos na presente ordenanza e na normativa aplicable.

f) Autorización, declaración ou documento de avaliación ambiental, en caso de requirila o uso a que se destine a actuación comunicada.

g) Se é o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

h) Cando así proceda, medidas relacionadas coa evacuación de cascallos ou xestión de residuos.

i) Se é o caso, documento ou compromiso de formalización de cesión dos terreos destinados a vías fóra das aliñacións establecidas no plan.

j) Constitución previa, se fose necesario, dunha garantía por un importe suficiente pola reposición de danos en bens e espazos públicos. Importe que poderá ser revisado polos servizos técnicos municipais antes de iniciar a execución da actuación comunicada.

k) Orzamento estimado de execución das obras ou a actuación comunicada.

l) Xustificante do pago dos impostos e taxas municipais que procedan.

m) No caso de edificacións auxiliares e piscinas, será necesario aportar unha declaración xurada de compromiso de comunicación ao Concello do remate das obras así como a aportación do documento acreditativo de terlle solicitado á delegación provincial do Ministerio de Facenda a alta da construción ou instalación na contribución urbana.

n) No caso de obras de reformas de elementos existentes, será necesario aportar unha reportaxe fotográfica do estado anterior da edificación, instalación ou construción na que se realizará a intervención.

o) Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa de aplicación.

SECCIÓN 3.ª. RÉXIME DA COMUNICACIÓN PREVIA PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES E/OU PRESTACIÓN DE SERVIZOS

Artigo 41. Comunicación previa para o exercicio de actividades e/ou prestación de servizos.

1. Con carácter previo ao comezo dunha actividade ou da apertura dun establecemento e, se é o caso, para o inicio da obra ou instalación que se destine especificamente a unha actividade, as persoas interesadas presentarán ante o Concello de Narón comunicación previa na que porán en coñecemento da Administración municipal os seus datos identificativos e achegarán a documentación acreditativa dos requisitos exixibles na presente ordenanza para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación, a apertura dun establecemento, ou a prestación ou exercicio dun servizo.

2. A documentación acreditativa dos requisitos exixibles para o exercicio da actividade, a apertura do establecemento, a prestación do servizo ou para o inicio da obra e instalación será a seguinte:

a) Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento ou establecementos onde se vaia desenvolver, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos exixibles.

b) Xustificante de pago dos tributos municipais que resulten preceptivos.

c) Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas na normativa aplicable ao momento de presen-

Número de anuncio 2022/5306

tarse a comunicación previa, subscrita pola persoa titular da actividade ou do establecemento e, se é o caso, por técnico/a competente.

d) Compromiso de cumprimento da normativa que resulte aplicable durante o exercicio da actividade ou a prestación do servizo.

e) Proxecto e documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación comunicada. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable, segundo o regulado na normativa de aplicación. O proxecto ou documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente.

f) Autorización, declaración ou documento de avaliación ambiental, en caso de requirila a actividade que se pretende desenvolver.

g) As autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, a posta en funcionamento da instalación ou actividade, ou a prestación do servizo.

h) Data concreta de inicio da actividade ou da prestación do servizo obxecto de comunicación.

i) Fotocopia da póliza de seguro de responsabilidade civil, ou compromiso da persoa interesada de subscribir a póliza de seguro que cubra os riscos da actividade comunicada, xunto cun certificado ou documento da compañía aseguradora que acredite o aseguramento da actividade comunicada con antelación ao establecemento ou posta en funcionamento da actividade ou prestación do servizo.

j) Cando proceda, certificado ou informe acústico.

k) Se é o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

l) Certificado de COSMA xustificativo de que o local está dado de alta no servizo de subministración de auga potable para a actividade a desenvolver. De ser o propietario do local quen presente a comunicación previa, poderá achegar a fotocopia do contrato de subministración de agua potable ao seu nome.

m) Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (escritura de propiedade, contrato de arrendamento, etc).

n) Cando proceda, certificado final de obra ou declaración de finalización das obras executadas.

o) Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa de aplicación.

3. No caso de actividades sometidas a avaliación de incidencia ambiental, ademais da documentación anterior deberá presentar unha certificación das persoas técnicas facultativas que autoricen o proxecto, de que este cumpre coa normativa técnica de aplicación.

Artigo 42. Modificación das actividades.

1. O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa, ou dos requisitos legais da actividade ou prestación do servizo antes do inicio destes, será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello de Narón á súa declaración, previa audiencia da persoa interesada.

2. Quen posúa a titularidade das actividades debe garantir que os seus establecementos manterán as mesmas condicións que tiñan cando estas foron iniciadas, así como adaptar as instalacións e a actividade ás condicións que, no futuro, poida establecer a normativa de aplicación vixente en cada momento.

3. Quen posúa a titularidade das actividades debe comunicar ao Concello, calquera cambio que se produza nas súas condicións ou características, tal como foron comunicadas.

4. O cambio de titularidade da actividade obxecto da comunicación previa deberá ser comunicado de forma expresa ao Concello de Narón. A falta de comunicación expresa responsabiliza solidariamente ao anterior e ao novo titular ante o Concello dos eventuais incumprimentos da normativa aplicable.

O modelo para realizar estes cambios de titularidade achégase no anexo I desta ordenanza e terá que presentarse coa seguinte documentación:

– Datos que permitan a identificación do expediente de autorización da actividade, ou certificación municipal emitida tras a comprobación posterior á comunicación previa ou declaración responsable.

– Copia do título que ampare a transmisión do local ou do establecemento.

– Fotocopia do DNI do adquirente.

Número de anuncio 2022/5306

– No caso de persoas xurídicas, fotocopia da escritura pública de constitución da sociedade, do poder outorgado ao representante e da tarxeta de identificación fiscal do adquirente.

– Xustificante de pago das taxas correspondentes.

– Documento asinado polo transmitente e o adquirente de conformidade coa transmisión. No seu defecto, documentación acreditativa da falta de disposición do local polo actual titular do acto administrativo que ampara a actividade (sentenzas ou autos referentes a desafiuzamentos ou alzamentos; documentos de renuncia ou resolución de contratos de aluguer, declaración de falecemento e de herdeiros, se é o caso, etc).

– Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio e recibo do pago das primas do período en curso. No caso das pólizas de actividades recreativas e espectáculos públicos, estarase ao disposto na normativa urbanística de aplicación en canto aos capitais mínimos.

– Compromiso de cumprimento da normativa aplicable durante o exercicio da actividade ou a prestación do servizo.

– No caso de transmitirse unha licenza de actividade dun establecemento que, pola súa antigüidade, non exista un documento técnico no expediente administrativo inicial, deberá presentarse unha memoria xustificativa da normativa aplicable e planos de distribución e instalacións do local, asinado por técnico/a competente.

5. Será, en todo caso, necesaria unha nova comunicación previa, cumprindo os requisitos da normativa aplicable, nos casos de modificación da clase de actividade, cambio de localización, reforma substancial dos locais, instalacións ou calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento.

CAPÍTULO 5. RÉXIME XURÍDICO DA DECLARACIÓN RESPONSABLE

Artigo 43. Obxecto e natureza da declaración responsable.

Para os efectos desta ordenanza, entenderase por declaración responsable o documento subscrito por un interesado no que este manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa aplicable para o exercicio da actividade, a apertura dos establecementos abertos ao público en que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas e a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas, que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao exercicio da actividade.

Os requisitos aos que se refire o parágrafo anterior deberán estar recollidos de maneira expresa, clara e precisa na correspondente declaración responsable. As Administracións poderán requirir en calquera momento que se achegue a documentación que acredite o cumprimento dos mencionados requisitos e o interesado deberá achegala.

Artigo 44. Presentación da declaración responsable.

1. A declaración responsable terá que presentarse nos seguintes termos:

a) Con carácter previo á apertura do establecemento, á organización do espectáculo público ou ao comezo da actividade recreativa, as persoas interesadas deberán presentar unha declaración responsable dirixida ao Concello de Narón, coa cal porán en coñecemento os seguintes datos:

1º. O nome, apelidos e enderezo da persoa solicitante e, se é o caso, da persoa que actúe na súa representación, debidamente acreditada.

2º. O tipo de establecemento ou, se é o caso, a descrición do espectáculo ou actividade que se pretende realizar e a capacidade máxima prevista.

3º. A localización do establecemento ou espazo aberto ao público e a data prevista de apertura do establecemento ou do inicio do espectáculo público ou actividade.

4º. A firma da persoa solicitante.

5º. O órgano, centro ou unidade administrativa do Concello de Narón (concellaría) á que se dirixe.

b) Coa declaración responsable terá que acompañarse, se é o caso, a documentación que figura a continuación, salvo que esta xa estea en poder ou fose elaborada por calquera administración pública:

1º. Se é o caso, a autorización, informe ou declaración ambiental que proceda, de conformidade coa normativa específica de aplicación.

2º. O proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial de aplicación. O proxecto e a documentación técnica redactaranse e serán asinadas por persoa técnica competente.

Número de anuncio 2022/5306

3º. A póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pago das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou copia destes.

4º. O documento acreditativo da dispoñibilidade do establecemento ou espazo aberto ao público en calidade de propietarios/as ou arrendatarios/as ou en virtude de calquera outro título xurídico.

5º. Se é o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

6º. O documento acreditativo asinado polo/a interesado/a da designación da persoa física ou xurídica que ha de asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou actividade recreativa aos requisitos exixibles.

7º. Xustificante de pago das taxas correspondentes.

8º. Cando proceda, certificado ou informe acústico.

9º. Cando proceda, certificado final de obra ou declaración de finalización das obras executadas.

10ª. Certificado de COSMA xustificativo de que o local está dado de alta no servizo de subministración de auga potable para a actividade a desenvolver. De ser o propietario do local quen presente a declaración responsable, poderá achegar a fotocopia do contrato de subministración de agua potable ao seu nome.

11º. Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa de aplicación.

c) Para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que requiran a montaxe de estruturas non permanentes desmontables, será preciso acompañar, xunto coa documentación requirida nos apartados a) e b), a seguinte documentación:

1º. O documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, da persoa física ou xurídica que ha de asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación.

2º. O marcado CE e a declaración CE de conformidade das instalacións que correspondan segundo as súas características e o certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede.

3º. Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa de aplicación.

2. O custo dos informes, certificacións e actas de verificación ou control de funcionamento e de revisión correrá a cargo dos/as solicitantes.

3. Se para o desenvolvemento da actividade fose precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se procede. Unha vez finalizada a obra, presentarase a declaración responsable para o inicio da actividade.

Artigo 45. Efectos da declaración responsable.

1. A declaración responsable presentada que cumpra os requisitos establecidos na presente ordenanza habilita para o exercicio da actividade, o desenvolvemento do espectáculo ou a apertura do establecemento desde a súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección atribuídas á Administración.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, a declaración responsable poderá presentarse dentro dun prazo posterior ao comezo da actividade cando a lexislación correspondente o prevexa expresamente.

2. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompaña ou incorpora á declaración responsable leva, previa audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia desta. A resolución de declaración de ineficacia impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde a súa notificación, sen prexuízo das sancións que proceda impor por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias ás que se refire o apartado anterior, levará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar o deber da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, que non será inferior a tres meses nin superior a un ano.

Artigo 46. Modificacións das actividades sometidas a declaración responsable.

1. A persoa titular do establecemento ou organizadora do espectáculo público ou actividade recreativa terá que comunicar á Administración competente as modificacións non substanciais, no prazo de quince días desde que tivese lugar. No entanto, en caso de cambio de titularidade, a comunicación, acompañada da documentación acreditativa do cambio e da

Número de anuncio 2022/5306

dispoñibilidade do seguro de responsabilidade civil, deberá efectuarse con anterioridade ao desenvolvemento da actividade polo/a novo/a titular.

2. Será necesaria a presentación de declaración responsable, para cumprir os requisitos da normativa aplicable, en caso de modificación substancial.

En todo caso, terán a consideración de modificacións substanciais a modificación da clase de actividade recreativa ou espectáculo público, o cambio de lugar, a realización dunha reforma substancial dos establecementos ou calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento aberto ao público se así é declarado no informe técnico correspondente.

3. Igualmente, será necesaria a presentación de declaración responsable para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario que se desenvolvan esporadicamente en establecementos abertos ao público, suxeitos ao réxime de declaración responsable, legalmente habilitados para celebrar un espectáculo público ou actividade recreativa distinta da propia do establecemento. Nestes casos, deberá presentarse a documentación prevista no artigo 44 da ordenanza que resulte procedente tendo en conta as características do espectáculo ou actividade de carácter extraordinario. Así mesmo, haberá que dispor do seguro previsto na lexislación de espectáculos públicos e actividades recreativas.

4. O incumprimento sobrevido das condicións da declaración responsable, ou dos requisitos legais da actividade ou prestación do servizo antes do seu inicio, será causa da ineficacia da declaración responsable e habilitarán ao Concello de Narón á súa declaración, previa audiencia da persoa interesada.

5. Quen posúa a titularidade das actividades debe garantir que os seus establecementos manterán as mesmas condicións que tiñan cando estas foron iniciadas, así como adaptar as instalacións e a actividade ás condicións que, no futuro, poida establecer a normativa de aplicación vixente en cada momento.

6. Quen posúa a titularidade das actividades debe comunicar ao órgano competente, calquera cambio que se produza nas súas condicións ou características, tal como foron declaradas.

7. O cambio de titularidade da actividade obxecto da declaración responsable deberá ser comunicado de forma expresa ao Concello de Narón. A falta de comunicación expresa responsabiliza solidariamente ao anterior e ao novo titular ante o Concello dos eventuais incumprimentos da normativa aplicable.

Artigo 47. Réxime da declaración responsable aplicable á instalación e posta en funcionamento das estacións e infraestruturas radioléctricas.

1. Consonte o previsto na normativa estatal de telecomunicacións, as licencias ou autorizacións previas que non poidan ser esixidas pola dita normativa serán substituídas por declaracións responsables.

2. A declaración responsable deberá conter unha manifestación explícita do cumprimento daqueles requisitos que resulten exixibles de acordo coa normativa vixente, incluído, no seu caso, estar en posesión da documentación que así o acredite.

3. O modelo para realizar estas declaracións responsables achégase no anexo I desta ordenanza e terá que presentarse coa seguinte documentación:

3.1. Para a instalación das instalacións e estacións e infraestruturas radioeléctricas:

- Proxecto de infraestrutura da estación radioeléctrica, xustificando o cumprimento da normativa de telecomunicacións, a normativa urbanística e, se é o caso, o plan de implantación de telefonía móvil (no que debe estar incluído o emprazamento da estación radioeléctrica) con mapa de cobertura da dita estación.
- Nomeamento do técnico director das obras e coordinador de seguridade.
- Resolución da Secretaría de Estado para a Sociedade da Información e a Axenda Dixital (Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital) de aprobación do proxecto de instalación da estación radioeléctrica.
- Contrato de arrendamento ou escritura de propiedade do lugar de emprazamento, no seu caso.
- No caso de instalacións en bens de dominio público a correspondente autorización ou título que habilite o seu uso.
- Resolución de AESA de autorización en materia de servidumes aeronáuticas.
- Xustificante de inscrición no rexistro de operadores, no seu caso.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais correspondentes.

3.2. Para a posta en funcionamento das instalacións e estacións radioeléctricas:

- Certificado final das obras da instalación base.

Número de anuncio 2022/5306

– Resolución da Secretaría de Estado para a Sociedade da Información e a Axenda Dixital (Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital) de autorización de posta en servizo da estación radioeléctrica.

CAPÍTULO 6. RÉXIME XURÍDICO DA LICENZA DE ACTIVIDADE PREVIA

Artigo 48. Actividades sometidas a licenza previa.

Só será precisa a obtención de licenza ou de autorización previa para as actividades descritas no artigo 8 da ordenanza, ou as que, en atención á concorrencia de razóns de interese xeral derivadas da necesaria protección da seguridade e saúde pública, dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, do mantemento da orde pública, así como da adecuada conservación do medio ambiente e o patrimonio histórico artístico, estableza de forma expresa a lexislación vixente que resulte aplicable.

Artigo 49. Procedemento de outorgamento de licenza para a apertura de establecementos abertos ao público cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.

1. O procedemento para o outorgamento de licenza municipal de actividade debe iniciarse con anterioridade á apertura do establecemento, espectáculo ou actividade suxeito a licenza municipal.

2. A solicitude de licenza terá o seguinte contido:

a) Os datos identificativos da persoa titular do establecemento e, se é o caso, da persoa que actúe na súa representación debidamente acreditada, con indicación do seu nome e dirección.

b) A localización do establecemento aberto ao público.

3. Xunto coa solicitude da licenza, deberá presentarse a documentación que figura a continuación, salvo que esta xa estea en poder ou fose elaborada por calquera administración pública:

a) O proxecto técnico, entendido como o conxunto de documentos que definen as actuacións a desenvolver, co contido e detalle que permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial de aplicación. O proxecto que se presente incluirá o contido mínimo previsto pola normativa sobre prevención e seguridade en materia de incendios, deberá estar asinado por técnico/a competente e terá que conter os datos e requisitos da normativa específica sobre edificación, prevención e control ambiental que sexan de aplicación aos proxectos construtivos e de actividades.

b) O plan de emerxencia, o plan de autoprotección, o estudo de impacto acústico e o dispositivo de asistencia sanitaria, cando sexan exixibles de acordo coa normativa de aplicación e conforme aos requisitos que esta dispoña, redactados de conformidade coa normativa vixente e sempre que os seus contidos non se incorporasen ao proxecto técnico a que fai referencia o apartado anterior.

c) A declaración onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou a documentación acreditativa da dispoñibilidade deste.

d) Certificado de medición do son realizado por un laboratorio homologado, así como o resto da documentación requirida pola normativa sobre ruídos, quecemento, contaminación acústica, residuos e vibracións e, en todo caso, a que determine a normativa sobre prevención e control ambiental segundo corresponda en función das características do establecemento e as actividades a desenvolver neste.

e) O documento acreditativo da designación da persoa que ha de asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do establecemento á licenza outorgada, en que ha de constar o nome, o enderezo e a titulación e habilitación profesional da persoa designada.

f) Compromiso de cumprimento da normativa aplicable durante o exercicio da actividade ou prestación do servizo.

g) Xustificante de pago das taxas correspondentes.

4. O custo dos informes, certificacións e actas de verificación ou control de funcionamento e de revisión correrá a cargo dos/as solicitante/s.

5. Unha vez recibida a solicitude de licenza e a documentación anexa, o Concello emitirá os informes necesarios que determinen o cumprimento da normativa de aplicación, remitindo, cando proceda, esta documentación ás autoridades competentes para que emitan os informes referidos ao cumprimento das esixencias técnicas reguladas segundo a normativa vixente que lle sexa de aplicación, informes que serán vinculantes cando sexan negativos ou establezan condicións de obrigado cumprimento.

6. A tramitación da solicitude de licenza non poderá exceder de tres meses, a contar desde a presentación da solicitude e da documentación anexa no Concello ata a notificación da resolución municipal. Transcorridos tres meses sen que o

Número de anuncio 2022/5306

Concello de Narón notificase a resolución á persoa interesada, esta poderá entender estimada por silencio administrativo a súa solicitude.

7. Con carácter previo ao comezo da actividade, o titular terá que efectuarlle ao Concello comunicación en que exprese que cumpre as condicións establecidas na documentación presentada e na licenza.

O Concello deberá efectuar visita de comprobación para os efectos de verificar o cumprimento das condicións establecidas na documentación presentada e na licenza e notificar o seu resultado no prazo máximo dun mes.

O Concello notificará ao/á titular o resultado da visita de comprobación, sinalando expresamente se se cumpren os requisitos para o exercicio da actividade e a apertura do establecemento. O incumprimento dos requisitos citados determinará a aplicación do previsto na normativa de aplicación en canto á revogación da licenza e réxime sancionador, sen prexuízo do disposto na lexislación urbanística en canto ao restablecemento da legalidade. Serán tamén de aplicación as medidas provisionais previas establecidas na lexislación de espectáculos públicos e actividades recreativas.

A visita de comprobación non será necesaria se se achegase certificación dunha entidade de certificación de conformidade municipal.

8. A licenza de apertura de establecemento aberto ao público fará innecesaria a declaración responsable ou a solicitude de licenza respecto dos espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan neste sempre que estivesen incluídas na solicitude de licenza e documentación presentada con esta.

9. O establecemento quedará suxeito ás potestades municipais de comprobación, control e sanción previstas na normativa aplicable e na presente ordenanza.

Artigo 50. Procedemento de outorgamento de licenza para a instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público.

1. O procedemento para o outorgamento de licenza municipal de actividade debe iniciarse con anterioridade á instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública anexas a establecementos abertos ao público.

2. No caso de que a terraza se sitúe en dominio público municipal, o outorgamento da licenza para a instalación da terraza incluirá a licenza demanial de ocupación dos terreos, segundo o establecido na Ordenanza municipal reguladora das terrazas dos locais de hostalaría.

3. A solicitude de licenza deberá ser presentada ante o Concello de Narón pola persoa titular do establecemento e terá o seguinte contido:

a) Os datos identificativos do/da titular e, se é o caso, da persoa que actúe na súa representación, con indicación do seu nome e enderezo.

b) A localización do establecemento aberto ao público en que se vai instalar a terraza e a descrición das súas características, ou se é o caso o documento técnico definido na Ordenanza municipal reguladora das terrazas dos locais de hostalaría.

c) A declaración da persoa titular onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia para o establecemento en que estea incluída a terraza, ou a documentación acreditativa da dispoñibilidade deste.

d) A restante documentación esixida na Ordenanza municipal reguladora das terrazas dos locais de hostalaría.

4. Recibida a solicitude de licenza e a documentación anexa, o Concello emitirá os informes técnicos e xurídicos que determinen o cumprimento da normativa de aplicación.

5. A tramitación da solicitude de licenza non poderá exceder do prazo dun mes, a contar desde a presentación da solicitude e da documentación anexa no Concello, salvo no caso de que supoña tamén a ocupación do dominio público, no cal será de aplicación a normativa específica que estableza outro prazo maior. Transcorrido este prazo sen que o Concello notificase a resolución á persoa interesada, esta poderá entender estimada por silencio administrativo a súa solicitude en relación coa licenza de actividade.

6. A instalación quedará suxeita ás potestades municipais de comprobación, control e sanción previstas na normativa aplicable e na Ordenanza municipal reguladora das terrazas dos locais de hostalaría.

Artigo 51. Procedemento de outorgamento de licenza para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario, sempre que requiran de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial de aplicación.

1. O procedemento para o outorgamento de licenza municipal de actividade debe iniciarse con anterioridade á celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario.

Número de anuncio 2022/5306

2. A solicitude de licenza deberá ser presentada ante o Concello de Narón polas persoas titulares, promotoras ou encargadas da súa organización.

3. A solicitude de licenza terá o seguinte contido:

a) Os datos identificativos do/da titular ou de quen organice a actividade e, se é o caso, da persoa que actúe na súa representación, con indicación do seu nome e enderezo.

b) A localización do establecemento aberto ao público en que se vai desenvolver o espectáculo público ou a actividade recreativa.

4. Xunto coa solicitude da licenza, quen posúa a titularidade ou as persoas promotoras ou encargadas da organización deberán presentar a documentación que figura a continuación, salvo que esta xa estea en poder ou fose elaborada por calquera administración pública:

a) A memoria que defina as actuacións a desenvolverse, co contido e detalle que permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial de aplicación. Nesta figurarán, en particular, os seguintes datos: a información sobre o tipo de espectáculo, a previsión aproximada de asistencia de público e o horario da actuación.

b) O plan de emerxencia, o plan de autoprotección, o estudo de impacto acústico e o dispositivo de asistencia sanitaria que sexan exixibles de acordo coa normativa de aplicación e conforme aos requisitos que esta dispoña.

c) A declaración da persoa titular onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou a documentación acreditativa da dispoñibilidade deste.

d) Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa de aplicación.

5. Recibida a solicitude de licenza e a documentación anexa, o Concello emitirá os informes necesarios que determinen o cumprimento da normativa de aplicación.

6. A tramitación da solicitude de licenza non poderá exceder dun mes, a contar desde a presentación da solicitude e da documentación anexa no Concello, salvo que a normativa específica estableza outro prazo maior. Transcorrido este prazo sen que o Concello comunicase a resolución á persoa interesada, esta poderá entender estimada por silencio administrativo a súa solicitude.

7. O desenvolvemento do espectáculo público ou actividade recreativa quedará suxeito ás potestades municipais de comprobación, control e sanción previstas na normativa aplicable e na presente ordenanza.

Artigo 52. Procedemento de outorgamento de licenza para a montaxe de instalacións para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas e a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que teñan que dispor de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial de aplicación.

1. O procedemento para o outorgamento de licenza municipal de actividade debe iniciarse con anterioridade á celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas e á celebración de espectáculos e actividades que teñan que dispor de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial de aplicación.

2. As persoas titulares, promotoras ou encargadas da organización do evento deberán presentar unha solicitude de licenza municipal na que se indicará o seu nome e enderezo.

3. Xunto coa solicitude da licenza, as persoas titulares das instalacións, promotoras ou as encargadas da organización do evento deberán presentar a documentación que figura a continuación, salvo que esta xa estea en poder ou fose elaborada por calquera administración pública:

a) A memoria que defina as actuacións a desenvolver, co contido e detalle que permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial de aplicación. Nesta figurarán, en particular, os seguintes datos: a información sobre o tipo de espectáculo, a localización das instalacións, a previsión aproximada de asistencia de público e o horario da actuación.

b) A declaración onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou a documentación acreditativa da dispoñibilidade deste.

c) O documento acreditativo da designación, por quen solicite a licenza, da persoa física ou xurídica que ha de asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación.

d) A marcado CE e a declaración CE de conformidade das instalacións que correspondan segundo as súas características e o certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede.

e) Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa de aplicación.

Número de anuncio 2022/5306

4. Recibida a solicitude de licenza e a documentación anexa, o Concello emitirá os informes necesarios que determinen o cumprimento da normativa de aplicación.

5. A tramitación da solicitude de licenza non poderá exceder de quince días, a contar desde a presentación da solicitude e da documentación anexa no Concello, salvo que a normativa específica estableza outro prazo maior. Transcorrido este prazo sen que o Concello notificase a resolución á persoa interesada, esta poderá entender estimada por silencio administrativo a súa solicitude.

6. A instalación quedará suxeita ás potestades municipais de comprobación, control e sanción previstas na normativa aplicable e na presente ordenanza.

Artigo 53. Contido das licenzas municipais de actividade.

1. As licenzas deberán mostrar, como mínimo, os seguintes datos:

a) O nome, razón social, número ou código de identificación fiscal de quen posúa a titularidade.

b) A denominación do establecemento.

c) A localización.

d) A data de outorgamento da licenza.

e) Prazo para o inicio do exercicio da actividade, e, se é o caso, prazos de interrupción ou inactividade, cando así o requira a actividade autorizada.

f) Se é o caso, prazo de vixencia da licenza. Prazo de finalización do espectáculo público ou actividade recreativa autorizada pola licenza.

g) O tipo de establecemento, actividade recreativa ou espectáculos públicos autorizados.

h) A capacidade máxima permitida para o establecemento, espectáculo, ou actividade.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en función da normativa de aplicación e/ou das condicións singulares, en función da tipoloxía da actividade ou do establecemento.

2. A licenza outorgada polo Concello de Narón será suficiente para acreditar a actividade, condicións e características do establecemento público e deberá exporse nun lugar visible e de fácil acceso.

Artigo 54. Vixencia das licenzas.

1. As licenzas dos establecementos abertos ao público concédense por tempo indefinido, salvo que un regulamento, ou as propias licenzas, establezan expresamente o contrario. Todo iso sen prexuízo dos efectos dos controis e das revisións periódicas a que fosen sometidas.

2. As autorizacións de espectáculos públicos e actividades recreativas terán a mesma vixencia que a dos espectáculos e actividades autorizados.

Artigo 55. Extinción das licenzas.

As licenzas extínguense polos seguintes motivos:

a) Por finalizar o espectáculo público ou a actividade recreativa.

b) Por cumprimento do prazo que se estableceu para a actividade ou espectáculo público para o que se solicitou a licenza, nos casos en que proceda.

c) Por caducidade.

d) Por revogación, de conformidade coas causas sinaladas no precepto seguinte.

e) Por renuncia de quen posúa a súa titularidade, comunicada por escrito ao Concello e aceptada por este.

Artigo 56. Revogación e caducidade.

1. As licenzas poden revogarse nos seguintes supostos:

a) Por modificarse substancialmente, ou desaparecer as circunstancias que determinaron o outorgamento, ou sobrevir outras novas que, en caso de existir, comportarían a súa denegación.

b) Por incumprimento por parte de quen posúa a titularidade da licenza dos requisitos ou condicións en virtude dos cales lles foi outorgada.

c) Por sanción de conformidade co disposto na lexislación aplicable.

Número de anuncio 2022/5306

d) Por incumprimento da normativa aplicable á actividade en funcionamento, ou pola falta de adaptación da actividade aos novos requirimentos establecidos polas normas técnicas aplicables dentro dos prazos contemplados con esta finalidade.

2. O cesamento da actividade para a que foi concedida a licenza, durante un período ininterrompido dun ano, facultará á Administración para declarar a caducidade da licenza outorgada. Este período poderá ser ampliado ata un máximo de dous anos, no caso de espectáculos ou actividades que para o seu normal desenvolvemento precisen de períodos de interrupción ou inactividade, debendo fixar o prazo a aplicar na resolución pola que se outorgou a licenza.

3. A revogación e a declaración de caducidade tramitaranse de oficio, dando audiencia ás persoas interesadas, e deberán realizarse dentro do prazo de seis meses desde a notificación da apertura do expediente. O procedemento poderá ser sobresido no caso de que se emendase a irregularidade que motivou a apertura do expediente, salvo que se apreciase reiteración ou reincidencia no incumprimento. Tanto a revogación como a declaración de caducidade non xeran dereito a indemnización.

Artigo 57. Modificacións das actividades sometidas a licenza ou autorización previa.

1. Quedan suxeitas ao réxime de licenza ou autorización as modificacións substanciais das actividades recreativas e espectáculos públicos e dos establecementos abertos ao público suxeitos a un réxime de licenza ou autorización de acordo co previsto na normativa aplicable.

En todo caso, terán a consideración de modificacións substanciais a modificación da clase de actividade recreativa ou espectáculo público, o cambio de lugar, a realización dunha reforma substancial dos establecementos ou calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento aberto ao público se así é declarado no informe técnico correspondente.

2. As modificacións non substanciais deberán comunicarse ao Concello de Narón pola persoa titular do establecemento ou organizadora do espectáculo ou actividade, no prazo de quince días desde que tivese lugar. No entanto, en caso de cambio de titularidade, a comunicación, acompañada da documentación acreditativa do cambio e da dispoñibilidade do seguro de responsabilidade civil, terá que efectuarse con anterioridade ao desenvolvemento da actividade polo/a novo/a titular.

CAPÍTULO 7. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Artigo 58. Actuacións promovidas por administracións públicas.

1. As actuacións obxecto da presente ordenanza que promovan órganos das administracións públicas estarán suxeitos igualmente a control municipal, que levará a cabo por medio da obtención previa de licenza municipal, ou a presentación da comunicación previa ou declaración responsable, nos termos sinalados na ordenanza, salvo os supostos exceptuados expresamente pola lexislación aplicable.

2. As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto de obras, previa acreditación no expediente do cumprimento da normativa aplicable.

Artigo 59. Simultaneidade de réximes de intervención. Licenza urbanística e comunicación previa de actividade.

1. Se para o desenvolvemento dunha actividade suxeita a comunicación previa fose necesaria a realización dunha actuación urbanística que precise de licenza municipal previa, na solicitude desta licenza municipal deberá consignarse expresamente que a actuación urbanística proxectada ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, e deberá presentar, ademais da documentación establecida no artigo 20 da ordenanza, a do artigo 41.2.

2. Unha vez finalizadas as obras ou actuación autorizada por licenza, a persoa interesada deberá solicitar a licenza de primeira ocupación na forma e cos requisitos establecidos no artigo 33 e seguintes da ordenanza.

3. Os servizos técnicos municipais comprobarán a total terminación das obras, que estas se axustan ás que foron autorizadas co outorgamento da licenza urbanística e que a actividade pode exercitarse nos termos e condicións en que foron comunicados, incorporando, se fose necesario, condicións e medidas correctoras a adoptar.

4. En ningún caso se poderán iniciar ou desenvolver as actividades comunicadas ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e, se é o caso, outorgada a licenza de primeira ocupación, e se presente a comunicación previa de inicio ou desenvolvemento da actividade acompañada coa documentación indicada na presente ordenanza.

5. Co outorgamento da licenza de primeira ocupación, a persoa interesada poderá comunicar o inicio da actividade.

Artigo 60. Simultaneidade de réximes de intervención. Comunicación previa urbanística e comunicación previa de actividade.

Se para o desenvolvemento da actividade sometida a comunicación previa fose precisa a realización dunha obra sometida a comunicación previa, a documentación esixida no artigo 41.2 da ordenanza presentarase coa comunicación

Número de anuncio 2022/5306

previa de obras prevista na normativa urbanística. Unha vez finalizada a obra, presentarase a comunicación previa para o inicio da actividade.

Artigo 61. Simultaneidade de réximes de intervención. Licenza urbanística ou comunicación previa urbanística e declaración responsable de actividade.

Se para o desenvolvemento da actividade sometida ao réxime de declaración responsable fose precisa a realización dunha obra, a documentación esixida no artigo 44 desta ordenanza presentarase coa comunicación previa ou coa solicitude de licenza de obra, segundo o establecido na normativa urbanística e nesta ordenanza. Unha vez finalizada a obra e, se é o caso, outorgada a licenza de primeira ocupación, presentarase a declaración responsable para o inicio da actividade.

Artigo 62. Simultaneidade de réximes de intervención. Licenza urbanística e licenza en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. Os supostos de actuacións que esixan, de conformidade coa presente ordenanza e a normativa aplicable, licenza de actividade e licenza urbanística de obras serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

2. As solicitudes de licenzas de actividade e urbanística deberán ir acompañadas da documentación e o proxecto técnico subscrito por persoa competente, de conformidade co establecido na presente ordenanza, en función das características da actividade e a actuación proxectada.

3. A proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade terá prioridade sobre a correspondente á licenza urbanística. Se procedese denegar a primeira, así se lle notificará ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda.

4. No caso de que procedese outorgar a licenza de actividade, o órgano municipal competente pasará a resolver sobre a licenza urbanística, notificándose a resolución en forma unitaria ao interesado.

5. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo licenzas en contra da lexislación ou do plan urbanístico.

6. A posta en funcionamento da actividade autorizada por licenza previa esixirá a obtención previa da licenza de primeira ocupación da actuación urbanística autorizada tamén por licenza. Ademais da documentación esixida para a solicitude de licenza de primeira ocupación establecida na ordenanza, deberá acompañarse a declaración de posta en funcionamento da actividade subscrita por técnico/a competente, que deberá conter as seguintes determinacións mínimas:

a) Declaración de que a actividade se axusta á licenza outorgada e que os sistemas correctores empregados funcionan con plena eficacia e seguridade, especificando, se é o caso, o grao de emisións.

b) Certificado de medición de illamento acústico.

Artigo 63. Modificación da actuación durante a tramitación do procedemento.

1. Se durante a execución das obras ou durante as tarefas para implantar a actividade se previsen ou producisen variacións que alteren significativamente o proxecto ou documento técnico ao que se refira a(s) licenza(s) outorgada(s), o titular está obrigado a solicitar nova licenza para estas.

2. O resto das modificacións que non sexan significativas poderán ser emendadas no trámite de outorgamento de licenza de primeira ocupación, na forma e termos establecidos no artigo 34 da ordenanza.

3. O titular dunha licenza ou dunha facultade adquirida mediante a presentación de comunicación previa, debe comunicar ao Concello as incidencias que xurdan durante a execución do autorizado ou comunicado.

4. Quen se atope realizando as actuacións autorizadas polos medios establecidos na presente ordenanza teñen a obrigación de facilitar as inspeccións que o Concello de Narón realice sobre estas. A súa negativa ou obstrución poderá determinar a adopción das medidas cautelares previstas legalmente para proceder á paralización da actuación en execución ou á suspensión da actividade, sen prexuízo da incoación do oportuno procedemento de reposición da legalidade infrinxida.

Artigo 64. Control municipal sobre as actuacións comunicadas, declaradas ou autorizadas mediante licenza.

1. O Concello de Narón exercerá como competencia propia, nos termos da lexislación estatal e autonómica vixentes, a disciplina urbanística e as potestades de control e inspección sobre as obras, actuacións ou actividades suxeitas aos réximes de intervención regulados na presente ordenanza.

2. O control municipal sobre a execución de actuacións urbanísticas, xa sexan sometidas a licenza previa ou ao réxime de comunicación previa, axustarase aos termos establecidos na lexislación sobre protección da legalidade urbanística.

Número de anuncio 2022/5306

3. Igualmente, o mesmo réxime de control municipal exercerase sobre o exercicio de actividades ou a prestación de servizos, xa sexan obxecto de comunicación previa, declaración responsable ou de licenza de actividade, de acordo coa normativa sectorial aplicable.

4. En toda obra ou actuación urbanística comunicada ou autorizada polos medios establecidos nesta ordenanza debe posuírse no lugar da actuación unha copia do título habilitante (licenza ou comunicación previa) e, se é o caso, o cartel de obras, na forma establecida no artigo 32 desta ordenanza.

5. No caso da apertura de establecementos debe exporse nun lugar visible e de fácil acceso unha copia selada da comunicación previa, ou da declaración responsable presentada ante o Concello de Narón ou, se é o caso, da licenza outorgada.

6. Sen prexuízo do previsto no apartado anterior, a persoa titular da actividade deberá dispor dunha copia selada da comunicación previa ou declaración responsable presentada ou, se é o caso, da licenza outorgada, e exhibila cando llo requira unha inspección administrativa ou calquera persoa para a que se realice a actividade.

Artigo 65. Actuacións de control municipal de actividades sometidas a comunicación previa ou declaración responsable.

1. O Concello de Narón pode realizar en calquera momento, de oficio ou a solicitude de persoa interesada, as actuacións de inspección e control da actividade ou do establecemento que sexan necesarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos pola normativa aplicable.

2. As solicitudes de comprobación debidamente presentadas obrigan ao Concello de Narón a notificar o resultado da actuación de inspección e control realizada á persoa solicitante e á persoa titular da actividade ou do establecemento, no prazo máximo de tres meses.

3. A acta de comprobación que documente o resultado da actividade de inspección e control sinalará expresamente se se cumpren os requisitos para o exercicio da actividade e, se é o caso, a apertura do establecemento.

4. No caso de que os requisitos non se cumpran, sinalaranse os concretos incumprimentos ou deficiencias detectados e concederase á persoa titular da actividade un prazo de emenda non superior a un mes, sempre que aqueles fosen emendables.

5. O Concello de Narón poderá adoptar, de conformidade coa normativa aplicable, medidas provisionais para a protección dos intereses públicos e de terceiras persoas, incluído o cesamento do exercicio da actividade ou o peche ou clausura do establecemento, nos termos establecidos pola lexislación do procedemento administrativo común.

6. A corrección dos incumprimentos ou deficiencias detectados no prazo de emenda outorgado ao interesado declararase por resolución administrativa, que se notificará á persoa titular da actividade e, se é o caso, á persoa que solicitase a comprobación.

7. O transcurso do prazo de emenda sen que se corrixan os incumprimentos ou deficiencias detectadas ou o carácter non emendable destes dará lugar á iniciación de oficio do procedemento de declaración de ineficacia da comunicación previa ou declaración responsable, sen prexuízo das responsabilidades sancionadoras ás que houbese lugar, as cales se esixirán a través do correspondente procedemento sancionador.

Artigo 66. Causas de ineficacia das comunicacións previas e declaracións responsables.

1. Son causas de ineficacia das comunicacións previas e das declaracións responsables reguladas na presente ordenanza:

a) O incumprimento orixinario ou sobrevido dos requisitos legais aos que estivese sometida a actuación.

b) A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se presentase ou incorporase á comunicación previa ou declaración responsable.

c) A presentación da comunicación ou declaración ante un órgano incompetente para recibila ou cando a actuación estivese sometida a outro réxime de intervención administrativa.

d) O non exercicio dunha actividade no prazo de seis meses contado desde que a comunicación ou declaración habilite para o exercicio desta, sen prexuízo da posibilidade de poder formular unha nova comunicación ou declaración conforme á normativa aplicable e ao previsto nesta ordenanza.

e) O incumprimento dos prazos de inicio ou finalización das obras comunicadas, para os que non se comunicou a súa prórroga, antes da finalización destes.

f) A interrupción dunha actividade durante un ano, contado desde a data en que se produciu esta interrupción, sen prexuízo da posibilidade de poder formular unha nova comunicación ou declaración conforme á normativa vixente para o exercicio da actividade.

Número de anuncio 2022/5306

2. Para o efecto do establecido na letra b) do apartado anterior, entenderase por:

a) Inexactitude de carácter esencial: a falta de correspondencia coa realidade do contido de calquera dato, manifestación ou documento que se presentase ou incorporase á comunicación ou declaración, sempre que as características reais da actuación non se axusten aos requisitos normativos aos que estivese sometida e non exista falsidade de carácter esencial de acordo co previsto no apartado seguinte.

b) Falsidade de carácter esencial: a introdución intencionada de elementos que non se correspondan coa realidade en calquera dato, manifestación ou documento que se presentase ou incorporase á comunicación ou declaración, co fin de superar os controis administrativos previstos na normativa de aplicación e nesta ordenanza, sen cumprir os requisitos legais aos que estivese sometida a actuación.

c) Omisión de carácter esencial: a ausencia de calquera dato, manifestación ou documento que fose preceptivo presentar ou incorporar á comunicación ou declaración segundo o previsto na normativa de aplicación e nesta ordenanza, e que sexa determinante para verificar o cumprimento dos requisitos normativos aos que estivese sometida a actuación.

Artigo 67. Procedemento de declaración de ineficacia.

1. O procedemento de declaración de ineficacia da comunicación ou declaración iniciarase de oficio polo Concello de Narón. O órgano competente para resolver pode adoptar ou, se é o caso, prorrogar as medidas provisionais necesarias para a protección dos intereses públicos e de terceiras persoas, incluído o cesamento do exercicio da actividade ou o peche do establecemento, nos termos establecidos pola lexislación do procedemento administrativo común.

2. No procedemento darase audiencia á persoa titular da actividade ou establecemento ou promotora da obra, se é o caso.

Se a causa de ineficacia fose emendable, no mesmo trámite concederase á persoa titular da actividade un prazo de emenda dos incumprimentos ou deficiencias detectados, salvo que xa se concedese nun procedemento previo de verificación ou control ou se aprecie reiteración ou reincidencia no incumprimento. En ningún caso poderá considerarse emendable a falsidade de carácter esencial en calquera dato, manifestación ou documento que se presentase ou incorporase á comunicación previa.

Se se emendase a irregularidade no prazo de emenda concedido ou se acreditase no trámite de audiencia a emenda, o procedemento será sobresido.

3. A resolución será motivada e notificarase nos termos previstos pola lexislación do procedemento administrativo común no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal o procedemento caducará e deberán arquivarse as actuacións, de oficio ou por solicitude da persoa interesada.

4. Se a causa de ineficacia fose a presentación de comunicación previa ante órgano incompetente para recibila ou cando a actividade ou establecemento estivese sometido a outro réxime de intervención administrativa, a resolución indicará o procedemento de intervención aplicable e, se é o caso, o órgano encargado da tramitación. Os datos e documentos achegados coa comunicación previa, se fosen pertinentes, incorporaranse á solicitude que eventualmente presente a persoa interesada se esta así o pide nela.

Artigo 68. Efectos da declaración de ineficacia.

1. A declaración de ineficacia dunha comunicación previa ou declaración responsable impide, desde o momento da súa notificación, o exercicio do dereito ou da actividade afectada.

2. Igualmente, comportará a iniciación de oficio das correspondentes actuacións de restablecemento da legalidade, que poderán determinar a obrigación da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, e a indemnización dos danos e perdas producidos a bens públicos.

3. Así mesmo, poderá determinar a inhabilitación da persoa interesada para instar ante o Concello de Narón un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado de entre tres meses e un ano. A inhabilitación establecerase, se é o caso, na mesma resolución que declare a ineficacia da comunicación previa ou declaración responsable, e para a súa imposición valorarase motivadamente a existencia de reiteración ou reincidencia no incumprimento que dea lugar á declaración de ineficacia.

4. A declaración de ineficacia é independente das responsabilidades sancionadoras ás que haxa lugar, as cales se esixirán a través do correspondente procedemento sancionador.

Artigo 69. Procedemento de verificación.

1. O control exercido a través do procedemento de verificación, tal e como se define na disposición adicional cuarta, non prexulgará o cumprimento material dos requisitos esixidos para o acceso á actividade de servizos, así como a adecua-

Número de anuncio 2022/5306

ción do establecemento físico á normativa aplicable, nin limitará as potestades administrativas de inspección, control e sanción, así como cantas resulten atribuídas ao concello pola normativa de aplicación.

2. A presentación da comunicación previa ou declaración responsable comportará o exame dos seguintes extremos:

a) A competencia da Administración para a súa recepción.

b) A adecuación do medio de intervención utilizado para a actuación pretendida.

c) A integridade documental da comunicación previa ou declaración responsable, desde un punto de vista formal, de inclusión de cantos datos e documentos veñan esixidos pola normativa e esta ordenanza.

3. Estas actuacións de verificación serán potestativas naqueles supostos nos que a documentación presentada inclúa un certificado de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas na normativa de aplicación.

4. As actuacións de verificación non esixen en ningún caso unha resolución ou acto administrativo nos supostos de que os datos e a documentación presentada estivesen completos. En caso contrario, actuarase segundo o establecido na normativa de aplicación e nesta ordenanza.

5. A verificación municipal a realizar tras a presentación dunha comunicación previa ou, se é o caso, dunha declaración responsable, circunscribirase estritamente á supervisión da integridade formal e da suficiencia legal da documentación presentada para poder declarar esta completa. Non implicará, polo tanto, a análise sobre o seu contido nin comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa e o plan urbanístico que se realizarán posteriormente, sen prexuízo de que se poidan realizar igualmente neste proceso de verificación.

6. No caso de actuacións urbanísticas, cando se presente toda a documentación esixida, a comunicación previa producirá plenos efectos xurídicos, polo que, unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles será título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección.

Transcorrido o prazo de quince días hábiles desde a presentación da comunicación previa sen que se requira ao interesado a corrección de posibles deficiencias que puidesen existir, poderanse iniciar as obras comunicadas. En ningún caso, a inactividade da Administración implicará a emenda dos defectos ou irregularidades que presente o contido da comunicación ou da documentación que se lle achega nin os que poida presentar a obra ou a actuación obxecto de comunicación.

7. No caso de actividades, cando a actuación comunicada ou declarada veña acompañada de toda a documentación esixida para cada caso nesta ordenanza, a comunicación previa ou declaración responsable producirá plenos efectos xurídicos desde a data da súa presentación, constituíndose en título habilitante para o inicio da actividade ou apertura do establecemento.

8. No caso de non presentar a documentación prevista na normativa de aplicación e nesta ordenanza, o Concello requirirá ao interesado para que proceda no prazo de 10 días a emendar as deficiencias detectadas, con indicación de que se así non o fixese, ou o fixese defectuosamente, procederase á súa declaración de ineficacia.

Actuarase igualmente se a documentación presentada fose a esixida pero nela se detectasen imprecisións ou deficiencias de escasa entidade.

Artigo 70. Procedemento de control posterior.

1. Unha vez verificada a documentación presentada trasladarase aos servizos técnicos municipais para a comprobación do seu contido e, se é o caso, posterior inspección “in situ”. Se estes detectasen que non se axusta á normativa de aplicación ou ao ordenamento urbanístico en vigor, requirirase ao interesado a emenda da documentación, con advertencia de absterse de iniciar a obra ou, se é o caso, suspender de inmediato a súa execución ou o desenvolvemento da actividade de que se trate, sen prexuízo da incoación do expediente de reposición da legalidade correspondente.

2. En ningún caso a intervención municipal sobre a comunicación previa ou declaración responsable controlará os aspectos técnicos relativos á seguridade estrutural das construcións, ás condicións das instalacións ou á calidade dos elementos ou materiais empregados, cuxa responsabilidade é exclusiva do proxectista, da dirección técnica, do/a promotor/a ou da empresa construtora ou instaladora.

3. Os/As técnicos/as asinantes da documentación técnica que se acompaña a unha comunicación previa ou declaración responsable responsabilizaranse da súa calidade e do seu axuste ás normas que sexan aplicables en cada caso. Así mesmo, os/as técnicos/as asinantes de certificacións ou declaracións que se acompañen nestes trámites serán responsables da exactitude e da veracidade do seu contido.

4. O titular dos dereitos derivados dunha comunicación previa ou declaración responsable está obrigado a executar as obras ou desenvolver a actividade nas condicións da documentación presentada.

Número de anuncio 2022/5306

Artigo 71. Notificacións ao Rexistro da Propiedade.

As notificacións municipais realizadas ao Rexistro da Propiedade a consecuencia de operacións realizadas por particulares perante ese órgano administrativo que, consonte a normativa aplicable, supoñan a necesidade de comunicación municipal da concreta situación urbanística do inmoble en cuestión, serán notificadas aos titulares rexistrais cos recursos pertinentes.

Os gastos xerados por estas anotacións rexistrais correrán a cargo dos titulares que instaron o correspondente procedemento no Rexistro da Propiedade.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira. Natureza xurídica dos anexos.

Os anexos que se incorporan a esta ordenanza non teñen carácter regulamentario.

As instancias contidas no anexo I poderán ser ampliadas ou modificadas por resolución da Alcaldía, aínda que a súa obrigatoriedade supedítase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O anexo II contén unha relación non exhaustiva de actos urbanísticos suxeitos a comunicación previa.

Segunda. Criterios interpretativos.

A Alcaldía poderá ditar as instrucións ou regras hermenéuticas que se consideren necesarias para a adecuada interpretación e aplicación da presente ordenanza. En calquera caso, deberá darse publicidade aos criterios interpretativos mediante a súa publicación na páxina Web municipal.

Terceira. Forma de presentación da documentación.

1. A documentación relacionada coas actuacións reguladas nesta ordenanza deberá ser presentada a través de medios electrónicos polos suxeitos obrigados aos que se refire a lexislación de procedemento administrativo común, podendo presentar esta documentación presencialmente as persoas físicas que non estean legalmente obrigadas a iso.

2. Existirán a disposición dos cidadáns, modelos de solicitudes ou documentos electrónicos normalizados correspondentes aos procedementos administrativos cuxa tramitación telemática sexa competencia da sede electrónica.

A utilización voluntaria ou obrigatoria da presentación telemática leva a obrigación de utilizar os modelos normalizados e achegar a documentación técnica e documental nos formatos e coas garantías expresamente establecidas nesta ordenanza. Sen prexuízo diso, poderase acompañar a esa documentación mínima regulada de cantos documentos se desexe.

3. Cando se trate de documentación técnica expresamente establecida como obrigatoria nos procedementos regulados na presente ordenanza, presentarase en soporte informático (CD, DVD ou lapis de memoria), en formato PDF e con firma electrónica os documentos que teñan que ser subscritos por técnico/a competente.

O plano de localización coas edificacións, instalacións ou construcións proxectadas e existentes e o plano de cesión, no seu caso, deberá estar xeorreferenciado en formato vectorial.

En caso de cesións será tamén necesario o informe de validación gráfica catastral.

Só será esixible o visado polo colexio profesional correspondente os traballos sometidos normativamente a visado obrigatorio. Se non fose necesario o dito visado, deberá acreditarse a competencia e a habilitación do/a técnico/a asinante da documentación.

4. Se a presentación é telemática, mediante a utilización da Sede Electrónica do Rexistro Electrónico Xeneral do Concello de Narón, incorporarase toda a documentación, en formato PDF, segundo as indicacións contidas en cada procedemento na Sede Electrónica. Comporase de:

a) A totalidade dos textos (memoria, cadro de prezos, medicións, orzamentos, anexos, etc.) en arquivo con capacidade non superior a 100 MB. Se a extensión do documento superase ese tamaño, deberán crearse arquivos individualizados para cada un dos contidos.

b) Os planos en formato PDF terán un tamaño DIN-A3, a unha escala lexible. Só se admitirán os planos en tamaño DIN-A2 e DIN-A1 cando sexa imposible a súa presentación en formato DIN-A3.

c) Os soportes citados non serán regravables e neles identificarase o nome do proxecto, o seu autor ou autores, a súa firma dixital e a data de realización. Se se tratase dun proxecto de visado obrigatorio, conterá este en forma electrónica.

d) As escalas permitidas serán as recollidas nesta ordenanza para cada caso, e no seu defecto axustaranse ás seguintes: 1:50, 1:75, 1:100, 1:200, 1:250, 1:300, 1:400, 1:500, 1:1000, 1:2000, 1:2500, 1:3000, 1:4000 e 1:5000).

Número de anuncio 2022/5306

5. Calquera modificación do proxecto orixinal presentarase nas mesmas condicións apuntadas e na forma, no seu caso, de proxecto refundido.

6. A falta de presentación de documentos que xa obren nas dependencias municipais non poderá ser considerado como reparo documental, nin motivar unha esixencia de emenda por parte do Concello de Narón, sempre que o interesado aporte referencias da previa achega documental.

7. O incumprimento, en canto á forma e tamaño de presentación da documentación en formato dixital, impedirá a súa tramitación e non se terá por presentado, debendo o Concello de Narón requirir á persoa interesada para que emende e/ou mellore a solicitude na forma establecida no artigo 12 da ordenanza.

8. Non se terán por presentados no rexistro aqueles documentos e información cuxo réxime especial estableza outra forma de presentación, de conformidade coa lexislación de procedemento administrativo común.

Cuarta. Definicións.

Para os efectos do disposto na presente ordenanza, enténdese por:

- Proxecto técnico: o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable, segundo o regulado na normativa de aplicación. O proxecto ou documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente.
- Técnico/a competente: a persoa que se atope en posesión da titulación académica e profesional que o/a habilite para a elaboración ou redacción do proxecto ou documento técnico de que se trate, de acordo coa normativa sectorial aplicable.
- Procedemento de verificación: o procedemento municipal de supervisión formal dos datos recollidos na comunicación previa ou da declaración responsable e de integridade documental respecto daqueles documentos que deben presentarse xunto con estas nos termos legalmente establecidos.
- Procedemento de control posterior: o procedemento municipal de comprobación e inspección de obras, actividades e establecementos para determinar a adecuación das actuacións urbanísticas, a actividade ou o establecemento á comunicación previa ou declaración responsable presentada, ou á licenza outorgada, e á normativa aplicable, así como o cumprimento dos requisitos materiais aos que se atopan suxeitos.
- Procedemento de declaración de ineficacia: o procedemento municipal incoado para a determinación da eficacia da comunicación previa ou declaración responsable presentada.
- Acta de comprobación: o documento de natureza pública que se expide co fin de recoller o resultado das actuacións de investigación e inspección nos supostos de actuacións sometidas á comunicación previa, declaración responsable ou licenza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA. Procedementos iniciados antes da entrada en vigor

Os expedientes de licenzas iniciados antes da entrada en vigor da presente ordenanza rexeranse pola ordenanza vixente no momento da solicitude de licenza.

Non obstante o disposto no apartado anterior, se o interesado entende que a aplicación da presente ordenanza lle é máis favorable para os seus intereses, poderá desistir da solicitude xa presentada e expor unha nova para acollerse ao disposto na presente ordenanza.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da entrada en vigor desta ordenanza quedan derrogadas cantas disposicións municipais se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles con esta.

Coa entrada en vigor desta ordenanza queda derrogada a Ordenanza municipal de tramitación de actividades.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Aprobación do plan de inspección municipal

A actuación inspectora municipal estará regulada nun plan de inspección que deberá ser aprobado polo Concello de Narón, coa finalidade de articular, programar e racionalizar as inspeccións relativas a estes procedementos.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Entrada en vigor

A entrada en vigor da presente ordenanza producirase despois de transcorrido o prazo de quince días desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

Número de anuncio 2022/5306

ANEXO I. MODELOS

MODELO NORMALIZADO DE LICENZA URBANÍSTICA

MODELO NORMALIZADO DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS

MODELO NORMALIZADO DE COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADES SEN AVALIACIÓN AMBIENTAL

MODELO NORMALIZADO DE COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADES SOMETIDAS A AVALIACIÓN AMBIENTAL

MODELO NORMALIZADO DE LICENZA DE ACTIVIDADE DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS

MODELO NORMALIZADO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ACTIVIDADES RECRATIVAS E DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS

MODELO NORMALIZADO DE COMUNICACIÓN PREVIA DE TRANSMISIÓN DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE

MODELO NORMALIZADO DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

MODELO NORMALIZADO DE LICENZA DE PARCELACIÓN URBANÍSTICA/SECREGACIÓN DE TERREOS

MODELO NORMALIZADO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ESTACIÓNS E INFRAESTRUTURAS RADIOELÉCTRICAS

ANEXO II

Relación de obras menores suxeitas ao réxime de comunicación previa

1. **Mantemento de partes non edificables de parcelas e soares.**
   - 1a. Movementos de terras, nivelación de soares e parcelas, sempre que non afecte a ningún uso ou instalación pública, e non teñan a consideración de gran movemento de terra segundo o previsto nesta ordenanza.
   - 1b. Instalación e construción de valados, peches de parcelas e soares, salvo que se trate de elementos suxeitos a protección de Patrimonio.
   - 1c. Axardinamentos, pavimentación, implantación de bordo e instalacións necesarias para o uso ou conservación de espazos libres de dominio privado sempre que non afecte a usos, servizos ou instalacións públicas.
2. **Mantemento de fachadas, medianeiras, patios e terrazas dos edificios non sometidos a protección de Patrimonio.**
   - 2a. Pintado, reparación e impermeabilización de fachadas, medianeiras, patios, terrazas e balcóns.
   - 2b. Cambio de carpintaría exterior, persianas, varandas ou similares.
   - 2c. Instalación de baixantes, canlóns e antenas (excepto de telefonía móbil), sen afección estrutural.
3. **Mantemento de cubertas dos edificios.**
   - 3a. Reparación e substitución de elementos auxiliares da cuberta (canles, baixantes…).
   - 3b. Substitución puntual de material de cubertas ou terrazas. Substitución e reparación das cubertas, sen afección estrutural principal ou do conxunto do sistema estrutural.
4. **Mantemento e actualizacións das instalacións dos edificios.**
   - 4a. Substitución de instalacións privativas de vivenda ou local (auga, gas, electricidade, desaugadoiro ou similar).
   - 4b. Novas instalacións que non afecten a elementos estruturais (vigas, piares, paredes mestras, etc.).
   - 4c. Mantemento, reparación e/ou substitución de elementos e instalacións comúns do edificio (ascensores, caldeiras, equipos de bombeo, portais, porteiros automáticos, etc.) sen afección estrutural.
5. **Mantemento dos acabados interiores dos edificios.**

En paredes, chans e falsos teitos.

6. **Acondicionamento interior de locais e edificios.**
   - 6a. Acondicionamento de locais, con modificación da distribución interior, sen afectar á estrutura do edificio e ao subsolo.
   - 6b. Obras de adecuación funcional na vivenda destinadas á protección contra a humidade, illamento térmico e acústico sen afección do conxunto do sistema estrutural.
7. **Construcións de nova planta.**
   - 7a. Construcións auxiliares ou para garda de apeiros para mantemento do terreo de superficie non superior a 30m^2.

Número de anuncio 2022/5306

Modelos de instancias

Modelo S-URB-01 (Declaración responsable de actividades recreativas e espectáculos públicos)

Modelo S-URB-02 (Instancia de comunicación previa de actividades sen avaliación ambiental)

Modelo S-URB-03 (Comunicación previa de actividades sometidas a avaliación ambiental)

Modelo S-URB-04 (Comunicación previa de obras)

Modelo S-URB-05 (Instancia de comunicación previa para transmisión de titularidade)

Modelo S-URB-07 (Solicitude de licenza de obra)

Modelo S-URB-08 (Licenza de apertura para actividade recreativa e de espectáculos públicos)

Modelo S-URB-10 (Solicitude de parcelación urbanística/segregación de terreos)

Modelo S-URB-11 (licenza de primeira ocupación)

Modelo S-URB-12 (Declaración responsable de instlación e posta en funcionamento das estacións e infraestruturas radioeléctricas)

2022/5306

Número de anuncio 2022/5306